# DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

# IES URBANO LUGRÍS

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Luz Cures Vázquez (X. D.)
Rocío Romar Roel

## Curso 2022-2023

# ÍNDICE

Páx.

**1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ........ 1**

1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E RECURSOS ........ 1

1.2. PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE DO DEPARTAMENTO ........ 2

1.3. MARCO NORMATIVO ........ 2

**2. PROGRAMACIÓN DO PROCESO DIDÁCTICO ........ 6**

2.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA ........ 6

2.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ........ 7

2.2.1. Perfil competencial da materia ........ 7

2.2.2. Contribución á consecución das competencias clave ........ 8

2.3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA ........ 14

2.3.1. Aspectos metodolóxico-didácticos de carácter xeral ........ 14

2.3.2. Criterios metodolóxicos específicos da área ........ 15

2.3.3. Estratexias metodolóxicas ........ 19

2.3.4. Temporalización: consideracións xerais e propostas de modificación ........ 22

2.4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE ........ 22

2.4.1. Principios xerais ........ 22

2.4.2. Directrices, procedementos e instrumentos para a realización da avaliación ........ 24

2.4.3. Instrumentos de avaliación ........ 25

2.4.4. Procedemento e criterios de cualificación ........ 28

2.4.5. Información ao alumnado e difusión do procedemento e criterios de cualificación ........ 31

2.5. SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES ........ 31

2.5.1. Alumnado con pendente ........ 31

2.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ........ 32

2.7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ........ 36

2.7.1. Agrupamentos flexibles/grupos pequenos ........ 39

2.7.2. Reforzo da alfabetización dixital en lingua galega en 1º ESO ........ 39

2.7.3. Actividades de reforzo e ampliación ........ 40

2.7.4. Adaptacións curriculares significativas ........ 41

2.7.5. Programas de recuperación ........ 41

2.7.6. Programas específicos personalizados para alumnado repetidor........................................41

2.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ..........................................................42

2.8.1. Obxectivos.......................................................................................................................42

2.8.2. Actividades .......................................................................................................................43

2.9. ACCIÓNS E EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.............44

2.10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR...............................................................47

2.11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO ......................................................49

2.12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC ..................................................................................50

2.13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.......51

2.14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .52

2.14.1. Revisión ........................................................................................................................52

2.14.2. Avaliación ......................................................................................................................53

2.14.3. Propostas de mellora .....................................................................................................54

**3. PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS........................................................................................ 56**

3.1. SEGUNDO E CUARTO DA ESO........................................................................................56

3.1.1. Obxectivos xerais da etapa para secundaria.......................................................................56

3.1.2. Obxectivos por curso ......................................................................................................57

**ANEXOS**

ANEXO I: TÁBOAS COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, MÍNIMOS ESIXIBLES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ANEXO II: MODELOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E REPARTICIÓN DE CONTIDOS

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### 1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E RECURSOS

En primeiro lugar, sinalamos que nesta primeira parte da programación falaremos da materia de Lingua e literatura galega nos seus diferentes niveis e manexaremos como unha PD á parte a programación do grupo de Reforzo 1, asignado tamén ao departamento de Lingua galega pero que, polas súas especiais características, preferimos xuntar nunha única epígrafe que desenvolveremos na alínea correspondente.

Este curso contamos cunhas particularidades moi salientables como son o establecemento de dúas liñas en cada un dos niveis, polo que os grupos quedan reducidos e o traballo, aínda que impedido polas características dos tempos que nos tocan vivir, vense favorecidos porque o traballo con grupos pequenos sempre favorece tanto a adquisición de contidos coma o traballo diario do alumnado e do profesorado, que consegue que teñan máis protagonismo no seu propio proceso de adquisición de procedementos, métodos, estratexias, para alén de contidos, e de formación académica integral. É unha excepción o grupo de 2º ESO, máis numeroso.

Xa que logo, os grupos máis ou menos roldan os 15 alumnos, polo que traballar en gran grupo e en pequeno grupo vólvese unha realidade posible se botamos man de ferramentas que temos ao noso dispor hoxe en día grazas á tecnoloxía. Deste xeito, todos os grupos da ESO contan con ordenadores persoais na propia aula para o uso individual e, tanto na plataforma edix-gal coma na propia aula virtual da docente correspondente teñen todo o material, en formatos accesibles, para abordar os contidos do currículo sexa presencialmente, virtualmente ou en réxime de semi-presencialidade (tanto baixo a ausencia puntual da docente coma dos posibles confinamentos dun alumno ou grupo de alumnos sexa ao mesmo tempo ou ao longo do curso, pois poderán seguir, deste xeito, o traballado na aula).

Algúns dos obxectivos do centro propostos para este curso 2022-23 son os seguintes:

-Revisión da xestión das Normas de Convivencia que se bosquexaron no curso anterior.

-Mellorar e axilizar a comunicación coas familias por medio de Abalar, para evitar totalmente o uso do papel e titorizar por medio de teléfono, abalar ou mesmo Wébex o alumnado.

-Solicitar e renovar plans e programas que se desenvolven no centro (PLAMBE, Contratos Programa, PFP) e potenciar a incorporación de novos plans de innovación educativa.

-Desenvolver a metodoloxía TIL (tratamento integrado de linguas) que vai implicitamente relacionada tamén coa aprendizaxe cooperativa e por proxectos, que irán xurdindo e partindo das materias de lingua cara a outras que poidan ou queiran formar parte dos proxectos.

Como características e recursos salientables para o desenvolvemento da programación da materia de Lingua e literatura galega destacamos:

-Importante contar cun Proxecto Lingüístico elaborado e aprobado, que se revisou o curso pasado por medio de enquisas lingüísticas que constatan un descenso pronunciado no uso do galego en xeracións novas.

-Unha boa porcentaxe de alumnado recoñece asumir prexuízos que limitan o valor social do galego e constitúen barreiras para o desenvolvemento das competencias nesta lingua.

-O profesorado potencial colaborador en propostas de dinamización da lingua e da cultura galega ou en actividades propostas desde a biblioteca ou desde o EDNL non é estable nin

demasiado activo. A pouca estabilidade do cadro de persoal fai con que os proxectos non se acaben de asentar e que o traballo recaia demasiadas veces nas mesmas persoas, o que acaba por desgastar os medios humanos dispoñibles. Polo tanto, moitas iniciativas que poderían ter máis proxección, acaban morrendo nas aulas correspondentes da materia de lingua.

-A ANPA, Concello e outros organismos que poderían ofrecer diversidade de oferta formativa complementaria en normalización e dinamización lingüística non fan ningunha achega e non existe unha programación estable nin colaboración puntual como si acontece nos concellos limítrofes (Ponteceso, Cabana ou Carballo, que ofrecen programas estables para o alumnado: teatro, cinema, obradoiros diversos, club de debate, programa de radio local, teatro lido, concursos para diferentes efemérides, roteiros educativos sobre personaxes sobranceiros da contorna, etc.).

**1.2. PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE DO DEPARTAMENTO**

A docencia adscrita ao departamento de Lingua Galega e Literatura, co correspondente profesorado, é a seguinte:

Lingua galega e literatura 2º PMAR impárteo Rocío Romar Roel

Lingua galega e literatura 1º A e 1ºB impárteos Rocío Romar Roel

Reforzo lingua galega/alfabetización dixital 1 ESO impárteo Rocío Romar Roel

Lingua galega e literatura 2º A e B impárteo Luz Cures Vázquez

Lingua galega e literatura 3º A impárteo Luz Cures Vázquez

Lingua galega e literatura 4º A e 4ºB impárteos Luz Cures Vázquez

O departamento ten un total de 26 horas de docencia. A maiores, o departamento encárgase tamén da coordinación da biblioteca.

A xefatura de departamento durante o curso 2022-23 exércea Luz Cures Vázquez.

**1.3. MARCO NORMATIVO**

Esta programación elabórase de acordo co establecido no artigo 9 da ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 2/06/2022) e nos artigos 73, 95 e 96 do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES (DOG de 9/8/1996).

Axústase ás directrices xerais establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica docentro e inclúe os elementos que aparecen recollidos no artigo vixésimo noveno da Resolución do 26 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2022/23, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 117 do 20 de xuño de 2022).

Teremos, ademais, en consideración todos aqueles aspectos que procedan segundo o establecido na seguinte normativa:

Autonómica

- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG de 29/6/2015).
- *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2021/22, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG de 30/06/2021).
- *Resolución do 9 xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria* (Director Xeral de Educación, 9 de xuño de 2017).
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (DOG de 21/12/2011).
- *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa* (DOG de 15/7/2011).
- *Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* (DOG de 27/1/2015).
- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (DOG de 25/5/2010).
- *Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este* (Conselleiro de Cultura, 31/7/2013)
- *Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta* (DOG de 21/7/2015).
- *Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de*

*educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta* (DOG de 4/8/2016).

- *Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta* (DOG de 18/8/2017).
- *Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta* (DOG de 30/8/2018).
- *Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG de 25/4/2018).
- *Instrucións de 2 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2020/2021, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional*.

Estatal

- *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* (BOE de 10/12/2013).
- *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato* (BOE de 29/1/2015).
- *Orde ECD/1361/2015, do 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e regúlase a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos das etapas* (BOE de 9/7/2015). [Sección 3.ª ***Obxectividade da avaliación continua***, artigos 37 a 39].
- *Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato* (BOE de 30/7/2016).
- *Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* (BOE de 10/12/2016).

  *Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de*

*Bacharel, de acordo co disposto no Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* (BOE de 3/6/2017).

# 2. PROGRAMACIÓN DO PROCESO DIDÁCTICO

## 2.1 OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como finalidade fundamental o **desenvolvemento da competencia comunicativa** do alumnado. Esta finalidade concrétase en tres obxectivos básicos:

- Conseguir que o alumnado sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional.
- Conseguir que o alumnado comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta.
- Conseguir que o alumnado sexa quen de producir mensaxes orais e escritas coa debida corrección lingüística, con creatividade e adecuadas ao contexto en que se realiza a comunicación.

Os tres obxectivos básicos mencionados concretámolos nos seguintes obxectivos xerais para a nosa área:

- Comprender discursos orais e escritos, recoñecendo as súas diferentes finalidades e as situacións de comunicación nas que se producen.
- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia e corrección, conforme ás diferentes finalidades e situacións comunicativas e adoptando un estilo expresivo propio.
- Utilizar os recursos expresivos, lingüísticos e non lingüísticos, nos intercambios comunicativos propios da relación directa con outras persoas.
- Utilizar a lingua como instrumento para a adquisición de novas aprendizaxes, para a comprensión e a análise da realidade, a fixación e o desenvolvemento do pensamento e a regulación da propia actividade.
- Coñecer a realidade plurilingüe de España e valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.
- Valorar as variedades xeográficas do galego con vistas á aprendizaxe da lingua estándar, libre de interferencias e prexuízos.
- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás súas necesidades comunicativas.
- Coñecer e reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua nos seus planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, e sobre as condicións de produción e recepción das mensaxes en contextos sociais de

comunicación, co fin de desenvolver a capacidade para regular as propias producións lingüísticas.

- Utilizar harmonicamente todos os recursos expresivos, tanto lingüísticos como non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.
- Utilizar a linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica, valorando a lectura e a literatura como fontes de pracer, ampliación de experiencias, coñecemento do patrimonio cultural e estímulo para unha práctica literaria propia.
- Coñecer, analizar e interpretar as linguaxes específicas e as funcións sociais dos medios de comunicación, así como o seu poder na orientación da opinión pública e os intereses que poden representar.
- Analizar e xulgar fundada e criticamente os diferentes usos sociais das linguas, evitando os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos (clasistas, sexistas, racistas...), mediante o recoñecemento do posible contido ideolóxico da linguaxe.
- Recoñecer os elementos estruturais e expresivos que caracterizan un texto literario, así como as principais obras e os autores máis significativos da literatura galega.

## 2.2 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### 2.2.1 Perfil competencial da materia

As competencias deben ser traballadas de forma transversal, dinámica e integral. Por iso o traballo docente debe desenvolverse a través de situacións de aprendizaxe e de actividades de aprendizaxe integradas. Estes dous elementos resultan de particular utilidade nas materias do ámbito lingüístico.

Na nosa materia desenvolveremos as situacións de aprendizaxe principalmente a través dos bloques de *Expresión escrita* e de *Expresión oral*, que forzan o alumnado á activación dun elevado número de recursos e destrezas tanto activas como pasivas.

Nas seguintes táboas presentamos o número de estándares nos que se traballa cada competencia, así como a correspondente porcentaxe que representan eses estándares en cada curso. No caso de 1º e 3º da ESO aterémonos ás modificacións que cumpran en canto a nova lei estea publicada, polo que os datos só corresponden á avaliación das competencias en 2º e 4º de ESO.

| | Número de estándares nos que se traballa cada competencia | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Materia** | **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CAA** | **CSC** | **CSIEE** | **CCEC** |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | 51 | 0 | 13 | 19 | 14 | 2 | 5 |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | 51 | 0 | 12 | 17 | 16 | 5 | 6 |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso | 49 | 0 | 16 | 19 | 20 | 3 | 4 |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | 54 | 0 | 13 | 24 | 20 | 5 | 6 |
| **Lingua Galega e Literatura (Total ESO)** | **205** | **0** | **54** | **79** | **70** | **15** | **21** |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |

| | % de estándares nos que se traballa cada competencia | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Materia** | **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CAA** | **CSC** | **CSIEE** | **CCEC** |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | 49% | 0% | 13% | 18% | 13% | 2% | 5% |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | 48% | 0% | 11% | 16% | 15% | 5% | 6% |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso | 44% | 0% | 14% | 17% | 18% | 3% | 4% |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | 44% | 0% | 11% | 20% | 16% | 4% | 5% |
| **Lingua Galega e Literatura (Total ESO)** | **46%** | **0%** | **12%** | **18%** | **16%** | **3%** | **5%** |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |

**CCL**: Comunicación lingüística / **CMCCT**: Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía / **CD**: Competencia dixital / **CAA**: Aprender a aprender / **CSC**: Competencias sociais e cívicas / **CSIEE**: Sentido da iniciativa e espírito emprendedor / **CCEC**: Conciencia e expresións culturais

Da análise da táboa concluímos que no noso perfil competencial:

1. A CCL é, loxicamente, a que ten maior peso, cunha media do 47%.

2. En segundo lugar sitúase a CAA, cunha media do 18%.

3. En 3º lugar está a CSC, cunha media do 16%.

4. O 4º lugar ocúpao a CD, cunha media do 10%.

5. En 5º lugar están a CSIEE e a CCEC, cunha media do 4% total.

6. A CMCCT non ten peso significativo, polo que renunciamos a que compute.

### 2.2.2 Contribución á consecución das competencias clave

A área de Lingua Galega e Literatura contribúe, como quedou demostrado, dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de

organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta, ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural.

A lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumnado para relacionarse na sociedade, para adquirir novos coñecementos e entender a realidade, para analizar criticamente a información, para xerar e difundir ideas ou opinións e mais para expresar a súa afectividade e regular as emocións.

As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfiren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o que contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

En Galiza, recollendo as normas do *Estatuto de Autonomía*, todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais: o galego, como lingua propia de Galiza, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira.

Dado que a área de lingua e literatura se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o progreso da **competencia en comunicación lingüística** (**CCL**) en toda a súa extensión. Debemos ter especialmente presente a relevancia do desenvolvemento da comprensión lectora. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindíbel para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de calquera das actividades que garden relación non só coa educación, senón tamén co desenvolvemento vital persoal.

Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua e Literatura Galega garda unha relación moi estreita coas outras competencias clave:

**Competencia para aprender a aprender** (**CAA**). O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia, que se debe desenvolver a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. A Lingua Galega e Literatura favorecen a estruturación do pensamento e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe que se poden extrapolar a outras áreas e contextos. Neste sentido traballaremos de forma prioritaria:

- A xestión dos recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- A creación de estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

- A aplicación de estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico e emocional.
- O desenvolvemento de estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Algunhas das actividades que na nosa materia facilitan as citadas estratexias son:

- As lecturas comprensivas.
- Os debates e conversas reflexivas.
- A composición de sínteses, resumos, esquemas e mapas conceptuais que organicen as ideas.
- A interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- As exposicións e conclusións sobre tarefas académicas.
- A autocorrección, autoavaliación e coavaliación das actividades.
- A potenciación da motivación e da confianza.

Tamén contribuirá decisivamente a valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio, así como a potenciación da motivación e da confianza.

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección (oral e escrita) como unha maneira de aprender.

**Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** (**CSIEE**). A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con ascendente autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. É por iso polo que faremos especial fincapé en que o alumnado:

- Optimice os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asuma as responsabilidades encomendadas e dea conta delas.
- Sexa constante no traballo superando as dificultades.
- Axuste a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestione o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xere novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimice o uso dos recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Mostre iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

A autonomía e iniciativa persoal promóvense desde a materia de lingua e literatura co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación. Algunhas das actividades que na nosa materia contribúen a desenvolver esta competencia son:

- As intervencións en situacións de comunicación reais ou simuladas.
- Os obradoiros de escrita.
- As lecturas dramatizadas de obras literarias.
- A lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade e o pensamento crítico.
- Os obradoiros de escrita e o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e da biblioteca para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Os traballos en grupo.
- A localización e selección de información.
- As investigacións sobre temas.
- As postas en común.
- A orientación lectora.
- A participación en proxectos de dinamización lingüística.
- O fomento da autoestima lingüística.
- As actividades que motiven para cumprir obxectivos.

**Competencia dixital** (**CD**). A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia, posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa.

A relación da competencia dixital coa lingua galega e literatura ten dúas dimensións complementarias:

Dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verbo da área que nos ocupa, desde as máis estritamente lingüísticas (como dicionarios, correctores ortográficos...) ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...).

Por outra parte, a lingua mesma é unha ferramenta que nos permite aos cidadáns e cidadás enfrontármonos á crecente cantidade de información de que se dispón, e por

tanto con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformármola en coñecemento.

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- O uso de dicionarios dixitais.
- O uso de correctores ortográficos.
- O emprego de enciclopedias e bibliotecas virtuais.
- O acceso a xornais dixitais.
- A produción de textos propios logo da selección, análise crítica, esquematización e síntese da información.
- O uso de soportes electrónicos para a presentación de traballos e para o desenvolvemento do Plan Lector e outros.

**Competencia social e cívica** (**CSC**). Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Trátase, polo tanto, dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia.

Desde a materia de lingua galega e literatura é obrigado facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.

O traballo das destrezas dialóxicas prepara para compartir e respectar saberes e referencias culturais. Ademais, redunda na mellora da práctica de normas sociais de convivencia ou no emprego da negociación para chegar a acordos. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar na nosa materia esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área, así como a valoración da diversidade lingüística e a importancia da crítica textual, fan fundamental o traballo da CSC.

Algunhas das actividadesque contribúen a desenvolver esta competencia son:

- A análise crítica dos usos discriminatorios da linguaxe mediante os que se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo.
- Os comentarios críticos de distintos tipos de textos (especialmente os procedentes dos medios de comunicación).
- As actividades de adquisición de destrezas para comunicarse de forma eficaz.
- As conversas reflexivas e os debates.

- As intervencións en público.
- As charlas literarias.

**Competencia para a conciencia e as expresións culturais** (**CCEC**). Disponse de competencia cultural e artística se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio manifestacións estéticas. Nesta área isto concrétase sobre todo no ámbito literario, mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala.

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias e o coñecemento do acervo literario fan da nosa área unha canle idónea para adestrar a competencia. Se ademais se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas (pintura, música, cinema...) esta competencia sairá reforzada.

Algunhas das actividades previstas nesta programación que contribúen a desenvolver a CCEC son:

- Visitas a museos.
- Participación en concertos, festivais ou recitais poéticos.
- Asistencia a representacións teatrais.
- Lecturas dramatizadas.
- Visión e análise de filmes ou documentais.
- Realización de percorridos literarios.
- Lecturas de textos literarios na aula.
- Lecturas individuais das obras literarias obrigatorias e voluntarias.
- Identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren.
- Análise da evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
- Debates ou proxectos sobre diversidade cultural.
- Obradoiros de escritura.

**Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía** (**CMCCT**). Aínda que esta competencia non ten peso na nosa materia, podemos contribuír a desenvolver de forma xeral varios aspectos dela. As análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico e a súa sistematización a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variada tipoloxía

e temática dos textos posibilita a relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Ademais a lingua é imprescindible para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que inzan os xornais. Algunhas das actividades que poden contribuír a desenvolver esta competencia son:

- Interpretar mapas.
- Comentar gráficas.
- Interpretar estatísticas.
- Realizar estudos sociolingüísticos.
- Calcular porcentaxes.

Dentro do currículo da materia, as mencionadas tarefas están especialmente vinculadas aos estándares de sociolingüística e historia da lingua. Foméntase así o rigor, o respecto aos datos, a veracidade e a valoración do coñecemento científico.

## 2.3 METODOLOXÍA DIDÁCTICA

### 2.3.1 Aspectos metodolóxico-didácticos de carácter xeral

O modelo didáctico que asumimos parte da *Teoría da aprendizaxe significativa,* centrada basicamente arredor de dous principios psicopedagóxicos:

1. A aprendizaxe é un proceso de construción do coñecemento que o alumno/a realiza activamente guiado polo profesorado.
2. As aprendizaxes deben ser significativas, isto é, deben ter sentido para o alumnado, única maneira de que estea motivado para adquirilas.

A metodoloxía basearase no modelo construtivista. Segundo esta concepción, a acción educativa debe estar dirixida a facilitar o desenvolvemento, por parte do alumnado, de aprendizaxes significativas. Para que esta aprendizaxe se produza é preciso que os novos contidos, obxecto da aprendizaxe, se integren na estrutura cognoscitiva do alumno de xeito comprensivo e funcional, isto é, de maneira que eses novos contidos adquiran significado en relación cos coñecementos xa posuídos e con plena conciencia da súa aplicación en contextos diversos.

Para facilitar unha aprendizaxe significativa, en consecuencia co modelo didáctico exposto, a metodoloxía que empregaremos vai ter as seguintes características:

- Procurará ser indutiva, potenciadora do protagonismo do alumno e tentando fuxir o máis posible da clase maxistral.
- Estará centrada no alumno/a, que se autoformará interactuando cos compañeiros e compañeiras e co profesorado, que actuará como facilitador ou mediador das aprendizaxes.

- Potenciará a creatividade e a orixinalidade presentando propostas de traballo suxestivas e adecuadas aos intereses do alumnado.
- Desenvolverá a motivación intrínseca, ou sexa, a atracción e o gusto pola tarefa en si. Se as tarefas que se ofrecen son útiles para outras aprendizaxes escolares ou para a vida do suxeito, créanse hábitos de traballo gratificantes. Aprender é motivador por si mesmo se os contidos teñen interese e sentido para o alumnado. Para que isto poida ocorrer debemos desenvolvelos sempre a partir dos seus coñecementos previos e de situacións concretas e particulares que lles resulten significativas. A partir do coñecido, concreto e particular podemos chegar, impulsando o potencial de aprendizaxe de cada un, ata o máis descoñecido, xeral e abstracto.
- Os contidos terán unha significatividade lóxica (coherente desde o punto de vista disciplinar) e tamén psicolóxica (coherente co nivel de madureza cognitiva do alumnado).
- O nivel das actividades de aprendizaxe estará entre o que xa sabe facer autonomamente o alumno/a e o que é quen de facer coa axuda do profesorado.
- Fomentará a participación activa nas clases. O ensino non debe ser só un traspaso de información do profesorado ao alumnado, senón un proceso colaborativo de desenvolvemento persoal. O alumnado aprende do profesorado, pero tamén dos seus compañeiros e compañeiras e do conxunto de actividades que realizan entre si.
- Fomentará o traballo cooperativo. En grupo o alumnado aprende non só a pensar, senón tamén a observar, escoitar, confrontar as opinións propias coas alleas, respectalas e formular hipóteses nunha tarefa en equipo.
- Fomentará a interdisciplinariedade de xeito que se procurará a coordinación entre os distintos departamentos que impartan materias en cada un dos cursos e niveis educativos.
- Potenciará a memoria, pero sobre todo a memoria comprensiva que é capaz de actualizar, cando os necesitamos, os coñecementos aprendidos. Este tipo de memoria permite a transferencia das aprendizaxes a outros contextos.

### 2.3.2 Criterios metodolóxicos específicos da área

O alumnado posúe en todas as súas aprendizaxes unha serie de ideas previas. Na área de Lingua Galega e Literatura o obxecto de estudo é a propia lingua e a literatura. Isto fai que o alumnado parta, por un lado, dunha serie de coñecementos previos adquiridos a través da aprendizaxe e, por outro, dos que construíu como usuario.

A selección e organización dos mínimos esixibles na etapa persegue que o alumnado progrese e se perfeccione de forma sistemática na súa competencia comunicativa e que, de forma simultánea, incremente progresivamente os seus coñecementos acerca da lingua, os sistemas de comunicación verbal e non verbal e a literatura.

As diversas destrezas e a súa concreción na comprensión e produción de distintos tipos e subtipos de textos secuéncianse para que accedan a diferentes niveis de complexidade atendendo á súa madurez.

Tendo en conta estes aspectos, os principios ou criterios metodolóxicos que fundamentan e animan o proceso de ensino-aprendizaxe na área de Lingua Galega e Literatura son os seguintes:

- O ensino-aprendizaxe da lingua debe ser entendido como comunicación (falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo como medio das relacións interpersoais e recoñecemento dos outros), como motor do pensamento e das reflexións e como porta de acceso ao coñecemento.
- O ensino da lingua implica a exercitación de dous procesos cognitivos complexos: comprensión e produción. Dado que estes procesos son inseparables da comunicación oral e escrita, a metodoloxía para a materia propicia e necesita a realización de actividades moi vinculadas ao cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso etc.
- O ensino da lingua implica a extensión do concepto de competencia lingüística á pragmática. A materia debe proporcionar coñecementos sobre a propia lingua e a literatura, pero tamén a capacidade para intervir no discurso e actuar con coñecemento das convencións pragmáticas. O coñecemento formal debe poñerse ao servizo da mellora das habilidades comunicativas.
- A adquisición das formas, estruturas e regras realízase mediante a reflexión e indución sobre os usos contextualizados e ten que redundar no seu perfeccionamento. Daquela, a unidade lingüística fundamental terá que ser o discurso e as propiedades textuais converteranse nun dos piares do bloque de funcionamento da lingua.
- O funcionamento da lingua debe ser progresivamente sistematizado ao longo das etapas educativas co asentamento dunha metalinguaxe axustada e, asemade, co afondamento gradual na reflexión sobre discursos cada vez máis complexos.
- A lingua tamén é transmisora de significados culturais e iso supón que o seu ensino debe atender aspectos como o seu papel de depositaria e, ao mesmo tempo, conformadora dunha determinada visión do mundo ou da cultura e, así mesmo, como lugar de proxección simbólica de identidades. Deste xeito, a materia de Lingua Galega e Literatura debe garantir un coñecemento reflexivo e práctico do idioma que leve o alumnado a sentirse seguro para usalo con propiedade en calquera situación, mais tamén debe contribuír á comprensión e á valoración da realidade plurilingüe en que nos movemos e á superación dos prexuízos que bloquean o uso do galego en determinados contextos ou con determinadas persoas, encarando os condicionamentos sociolingüísticos derivados do proceso de minorización que sofre.

- O ensino da lingua debe fomentar a creatividade. Existe unha estreita relación entre o cultivo da imaxinación e a creatividade e a aprendizaxe da lingua e a literatura. A resolución dos problemas que presenta a comunicación esixe estratexias de creatividade. Por outro lado, a literatura como expresión artística é un exercicio permanente de creatividade e de comprensión dos seus mecanismos.
- A aprendizaxe da lingua e a literatura debe constituír unha fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de diferenciación. Debemos contribuír á capacitación comunicativa do alumnado proporcionándolle modelos de lingua apropiados e creativos nos que prime a dimensión estética, pero tamén se debe erixir como fonte de pracer e de enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura diferenciada.
- O ensino da lingua debe adecuarse ao suxeito da aprendizaxe. A metodoloxía axustarase ao desenvolvemento socio-afectivo, persoal e cognitivo do alumnado. Así, hanse ter en conta os coñecementos e as destrezas que é capaz de adquirir conforme á súa idade e á proximidade e interese dos contidos cos que ha de exercitar as destrezas comunicativas.
- O ensino da lingua e a literatura debe fomentar o hábito de ler e o pracer como lector/a. O coñecemento, dominio e adquisición da lingua atopa na lectura un dos seus mellores instrumentos. Así, é necesario animar e predispoñer o alumnado cara á lectura.
- O ensino da literatura, ademais de mellorar o gusto pola lectura, debe contribuír a mellorar a capacidade de comprensión e interpretación de mensaxes escritas e a formar o espírito crítico do alumnado.
- Cómpre poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas.
- Debemos aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborador do alumnado.
- Debemos ter presente que a aprendizaxe lingüística non se realiza só na clase de Lingua Galega e Literatura, senón que outros axentes, como os medios de comunicación, a familia, as compañeiras e os compañeiros, así como o profesorado doutras áreas, inciden na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado.
- Será necesario, en relación coa aprendizaxe non formal da lingua, traballar en equipo co resto do profesorado para converter o centro nun lugar que ofreza contextos comunicativos diversos en galego que lle fornezan ao alumnado modelos lingüísticos adecuados a cada situación e favorezan as interaccións entre iguais de maneira organizada. O traballo por proxectos que impliquen varias disciplinas é, neste sentido, de grande utilidade. Fundamentalmente, é preciso asegurar a coordinación do profesorado de lingua galega co que imparte as outras linguas no centro. Convén buscar a maneira

de facer rendibles os coñecementos lingüísticos e literarios que ten o alumnado, aproveitando todos os estándares adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe das outras. Unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas.

#### *2.3.2.1 Organización e tratamento dos contidos*

Entendemos a aprendizaxe como un cambio de esquemas conceptuais por parte de quen aprende. Sabemos que o alumando posúe esquemas previos de interpretación da realidade e, polo tanto, a organización dos contidos debe ter presente, en primeiro lugar, que o que se aprende depende fundamentalmente do xa aprendido (coñecementos previos), e, en segundo lugar, que quen aprende constrúe o significado do aprendido a partir da propia experiencia, é dicir, a partir da súa actividade cos contidos de aprendizaxe e coa súa aplicación a situacións familiares.

O proceso de ensino-aprendizaxe para as linguas deberá integrarse na práctica da aula a través de actividades e situacións significativas para o alumnado, tanto en procedementos, conceptos e actitudes como no traballo das capacidades básicas (escoitar comprensivamente e falar, ler e escribir), así como, en xeral, en todos os bloques de contidos (escoitar e falar, ler e escribir, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e literatura), cada un coa súa especificidade, pero sempre en articulación cos demais, pois a súa aprendizaxe constitúe un todo coherente no que os diferentes contidos se complementan.

O ensino desta área, así como a secuenciación de contidos en cada un dos bloques, parte do principio de que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Polo tanto, secuenciar contidos non implica en moitos casos facer unha selección dos que se dan en cada curso, senón indicar a atención e o grao maior ou menor de profundidade con que se han abordar. Do mesmo xeito, os criterios de avaliación dos distintos cursos só se distinguirán na autonomía que as alumnas e os alumnos deberán demostrar na asimilación e uso práctico dos contidos, en función da súa madureza e de que se trate de avaliar a adquisición de novas habilidades ou a activación das vellas.

En coherencia co anteriormente exposto poñeremos en práctica un proceso de traballo que permita usar os elementos didácticos que compoñen cada bloque ou cada unidade en diferentes situacións de aprendizaxe. Trátase, polo tanto, de aplicar diferentes metodoloxías:

- Indutiva: partindo do particular e próximo ao alumnado, remataremos no xeral, a través de conceptualizacións cada vez máis complexas.
- Dedutiva: partir do xeral, para concluír no particular, no ámbito próximo ao alumno.
- Indagatoria: mediante a aplicación de técnicas experimentais e de busca de información.

- Activa: baseada na realización de actividades por parte do alumnado.
- Explicativa: baseada en estratexias de exposición e explicación.
- Participativa: convidando ao debate.
- Mixta: tendente a unir nun mesmo bloque ou unidade didáctica a práctica de máis dun dos métodos anteriores.

No contexto da aula de Lingua e Literatura os diferentes bloques de contidos traballaranse e avaliaranse conxuntamente.

### 2.3.3 Estratexias metodolóxicas

Os principios metodolóxicos xerais e específicos da área anteriormente expostos guiarán as pautas concretas de actuación por parte do profesorado, tanto no relativo á selección, secuenciación e enfoque das actividades como no referente ás modalidades de traballo e organizativas (contextos de aprendizaxe).

#### *2.3.3.1 __Proposta de actividades__*

As actividades que propoñeremos deberán ter algunha ou varias das seguintes características:

- Ser globalizadoras e estar secuenciadas en función dos coñecementos.
- Estar relacionadas co contexto comunicativo no que se desenvolve o alumnado.
- Potenciar o emprego adecuado e eficaz da lingua galega nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade (concurso radiofónico de teatro lido, concurso de debate, lingua nas ondas, proxectos interdisciplinares etc.)
- Deben sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas.
- Deben achegar o alumnado ao patrimonio literario e cultural de Galicia (Topomapa de Malpica, Lingua nas ondas, teatro, rutas literarias...).
- Deben estimular a competencia global para a comunicación lingüística e a transferencia de coñecementos entre as distintas linguas empregadas no centro.
- Deben atender á diversidade do alumnado.
- Deben promover a curiosidade, a indagación e a experimentación (participación en proxectos novidosos, investigacións culturais etc.).
- Ser motivadoras para alumnado e profesorado.
- Deben potenciar a autoestima do alumnado.

As actividades, de deseño aberto e variada oferta, serán dos seguintes **tipos**:

| Tipo de actividade | Función | Exemplos |
|---|---|---|
| **De iniciación ou motivación** | Serven para atraer a atención do alumnado sobre o tema ou traballo que hai que desenvolver e centralo en función dos seus intereses ou do | • Debates.<br>• Provocar discrepancias.<br>• Observación de imaxes, escoita ou lectura de textos que capten a atención do alumando. |

| | | |
|---|---|---|
| | seu marco de referencia. | • Presentación de problemas ou preguntas que induzan á proposta de hipóteses.<br>• Lanzamento de retos. |
| **De enfoque** | Proporcionan a base para experiencias ou para entrar no tema. | • Lectura e comentario de textos.<br>• Produción de textos.<br>• Pescudas e busca de información.<br>• Ver imaxes, audiovisuais, modelos, representacións (gráficas, esquemas, mapas...).<br>• Realización de actividades en Internet.<br>• Participación en proxectos de dinamización lingüística e cultural.<br>• Excursións, visitas, saídas, asistencia a representacións teatrais.<br>• Traballos de campo. |
| **De ampliación** | Manteñen o alumnado mentalmente activo, fomentan a motivación, promoven a asimilación e a consolidación de conceptos e proporcionan novas experiencias de aprendizaxe. | • Realización de exercicios.<br>• Produción de textos literarios.<br>• Investigacións na rede.<br>• Postas en común.<br>• Discusións e debates.<br>• Busca de respostas.<br>• Avaliacións conxuntas.<br>• Explicación do traballo aos demais.<br>• Participación en proxectos interdepartamentais.<br>• Participación en clubs de lectura. |
| **De síntese ou finais** | Resumen a secuencia de aprendizaxe e centran os conceptos importantes. | • Facer resumes, mapas conceptuais, esquemas, gráficos...<br>• Coloquios e postas en común.<br>• Elaboración de exposicións e traballos.<br>• Elaboración de comentarios de lecturas e artigos para a prensa escolar.<br>• Participación en debates, concursos de debate con apoios TIC, blogs de comentarios de lecturas...<br>• Presentación de conclusións orais ou escritas. |

#### *2.3.3.2 Contextos de aprendizaxe*

O traballo de aula organízase en unidades didácticas, secuencias ou proxectos nos que se propoñerán actividades para executar. Estas actividades, detalladas algunhas delas no apartado anterior, contextualizaranse de acordo cos estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles previstos e cos materiais e recursos didácticos dos que se dispón en cada momento, seguindo en xeral a secuencia lóxica: actividades de iniciación, de enfoque, de ampliación e de síntese.

As clases desenvolveranse, basicamente, de acordo coas seguintes **pautas de** traballo (individuais ou colectivas):

- O profesorado, para cada nova unidade didáctica (ou apartado temático desta), poderá realizar actividades de avaliación inicial ou outras actividades de iniciación, para saber o que o alumnado coñece do tema e detectar ideas previas. Estas realizaranse en gran grupo, en pequenos grupos ou individualmente, de xeito flexible.
- Posteriormente introduciranse, de forma breve e sintética e coa axuda dun pequeno guión ou mapa conceptual, os principais contidos conceptuais, axudando ao alumnado a establecer conexións entre os novos conceptos e as ideas previas detectadas. Neste caso consideramos que é necesaria unha información ou comunicación directa que o profesorado achegará de maneira oral ou con materiais visuais de apoio, en *gran grupo* ou *grupo expositivo* (con todo o grupo-clase).
- A continuación poderanse realizar actividades de enfoque e de ampliación, empregándose distintos materiais didácticos: libro de texto, dicionarios de aula e outros materiais (fotocopias de textos, esquemas, mapas conceptuais, multimedia, canón de vídeo, encerado dixital etc.), e coa colaboración do profesorado cando sexa necesario.
- Determinadas actividades de enfoque e ampliación (como postas en común, coloquios e debates, explicación do traballo aos demais, avaliacións conxuntas etc.) poderán requirir a organización da aula en gran grupo.
- As actividades de síntese, dependendo da súa natureza, poderán realizarse de xeito individual (no caso de resolución de cuestións clave, elaboración de traballos escritos, esquemas, resumos, gráficos ou mapas conceptuais, presentación de conclusións ou de comentarios de texto...) ou en pequenos grupos ou gran grupo (postas en común, recapitulacións e contraste de ideas, presentación de conclusións en público...), á marxe das posibles recapitulacións que de xeito “maxistral” faga o profesor/a.
- Por último, favoreceremos que non exista unha separación entre os traballos de clase e outros, como a participación en proxectos de dinamización lingüística, participación en clubs de lectura, etc., pois aínda que representan lugares e tempos diferentes, procuraremos que exista unha clara interrelación baseada nunha unidade dos contidos.
- No caso das secuencias didácticas de produción, o proceso inclúe un achegamento ao tema, unha composición inicial para comprobar o que sabe facer o alumnado, o traballo con fontes de información, a debulla dos trazos e recursos do xénero textual, a análise dos usos e a dedución de regras gramaticais a partir dos textos modelo, e mais a planificación, textualización, revisión e publicación do produto final.

O traballo en pequenos grupos permitirá unha reflexión máis pausada, a elaboración de traballos compartidos e o intercambio e socialización dos saberes. A resolución de tarefas en grupo faculta para integrarse nunha sociedade na que a participación constitúe a

base da democracia e da resolución de problemas complexos que afectan á humanidade. Por outro lado, a acumulación de experiencias de traballo individual vai dotando o alumnado de autonomía e sentido crítico persoal, preparándoo así para enfrontarse a retos persoais na vida activa e adulta.

Somos conscientes das dificultades que implica o traballo en grupo nas aulas, especialmente se o número de alumnos/as é elevado, ou se teñen pouco consolidados os hábitos de traballo, pero consideramos que as vantaxes merecen a pena. O alumnado valora o pluralismo metodolóxico porque lle permite escapar da monotonía e da reiteración. Ademais permítelle ao profesorado cambiar o rol de alguén que instrúe a alguén que orienta ou presenta oportunidades para aprender.

### 2.3.4 Temporalización: consideracións xerais e propostas de modificación

En xeral respectaremos a evolución e disposición do alumnado cara á aprendizaxe da materia, dándolle prioridade á motivación para aprender sobre calquera tipo de rixidez relacionada coa cantidade de estándares ou axuste temporal deles. Non obstante realizamos unha previsión temporal que aparece concretada en número de horas que se empregarán para desenvolver cada un dos cinco bloques de contidos de cada curso e número de sesións trimestrais (con especificación do tempo dedicado en cada sesión) que dedicaremos a cada bloque.

Esta temporalización (que aparece na programación específica de cada curso) é aproximada, de maneira que cada docente poderá combinar ou agrupar sesións en función das especificidades ou necesidades que presente cada grupo de alumnado e tamén en función da organización das actividades ou da metodoloxía empregada.

A previsión temporal será revisada ao final de cada trimestre e, na Memoria final do departamento, e avaliaremos o seu cumprimento coa finalidade de, en caso necesario, realizar propostas para a súa modificación de cara ao curso seguinte.

## 2.4 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

### 2.4.1 Principios xerais

A avaliación é un proceso esencial no noso labor didáctico que non debe centrarse nos resultados académicos do alumnado senón que debe estar dirixida a medir a eficacia de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación deberá ter, en consecuencia, dúas vertentes ou funcións:

a) Función reguladora: dirixida a reconducir ou axustar a programación establecida polo profesorado.

b) Función acreditadora: destinada a constatar o grao de consecución dos obxectivos, competencias e estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.

Dado que a avaliación debe estar integrada no proceso de ensino-aprendizaxe, terá que desenvolverse de xeito continuo, facilitando información sobre todos os compoñentes do proceso e das relacións que se establecen entre eles, para que o profesorado poida utilizar os seus resultados na reorientación tanto da súa metodoloxía como da programación en xeral.

No caso de que un alumno/a cambie para un grupo con outro profesor/a, ben sexa por aplicación dunha medida correctora, ben por alta ou baixa nun agrupamento ou ámbito, o profesor/a trasladaralle á nova persoa docente o rexistro de notas obtidas ata o momento, así como as producións ou probas obxectivas realizadas, alén da achega de calquera outra información que sexa pertinente.

Neste sentido distinguiremos tres pasos ou momentos distintos pero complementarios na avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe:

**Avaliación inicial**: permite adecuar as intencións aos coñecementos previos e ás necesidades do alumnado. Realízase ao inicio do curso, dun bloque ou dunha unidade didáctica coa finalidade de coñecer *que* sabe e *como* o sabe o alumnado. (Os criterios e procedementos empregados para a realización da avaliación inicial ao inicio de curso están recollidos no apartado 2.4.2 desta programación).

**Avaliación formativa:**dáse ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe e serve para regular o proceso e introducir as modificacións que en cada momento consideremos oportunas. Neste sentido, a avaliación actuará como elemento de axuste e a información obtida nunca debe ser o principal referente para a avaliación sumativa.

**Avaliación sumativa (ou final)**: confirma se se conseguiron os obxectivos propostos e se acadaron as competencias, e dela derívase a cualificación final ou a proposta de promoción ou non de cada alumno/a, dado que estamos nun sistema educativo que sanciona as aprendizaxes con títulos necesarios para proseguir estudos superiores.

Con respecto a *como avaliar,* e en consecuencia co anterior, guiarémonos polas seguintes pautas xerais:

- Diferenciaremos avaliación de cualificación, non reducindo a primeira á segunda.
- Trataremos de empregar, na medida do posible, enfoques cualitativos e personalizados mediante unha observación constante do alumnado.
- Observaremos o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe como avaliación.
- A avaliación será continua e deberá interrelacionar conceptos, procedementos, actitudes e competencias, tanto ao inicio como ao final do proceso de aprendizaxe.
- Debe ser un proceso con posibilidade de retroalimentación, cara á autoavaliación.
- Empregaranse procedementos e instrumentos axeitados e variados: traballo individual e en grupo, probas escritas, actividades, observación, rúbricas e escalas de avaliación (de expresión oral e escrita, do caderno de clase, de comentario te textos, de comentario de lecturas...), autoavaliación e coavaliación, debates etc.

- Procuraremos valorar máis os aspectos positivos cós negativos e teremos en conta os erros como indicadores útiles do proceso de aprendizaxe.

**2.4.2 Directrices, procedementos e instrumentos para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar o ensino da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizaremos unha avaliación inicial, que será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en particular. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Para a realización da avaliación inicial poderanse empregar os seguintes procedementos e instrumentos:

- Realización de probas escritas nas que se obteña información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Estas probas deberán incluír os seguintes criterios de avaliación:
  - ◊ Apreciación da capacidade de comprensión lectora (destacar, subliñándoas, as ideas fundamentais dun texto e resumilo).
  - ◊ Valoración da capacidade de expresión escrita (redactar un texto acorde cunha determinada tipoloxía textual).
  - ◊ Valoración do coñecemento da lingua (localizar nun texto distintas clases de palabras, xustificar a acentuación de determinadas palabras do texto, explicar o significado dalgunhas palabras...).
  - ◊ Valoración da capacidade para relacionar os coñecementos de lingua e sociedade con situacións da vida real (por exemplo, explicar se as linguas que se falan en Galicia se atopan en situación de igualdade).
  - ◊ Valoración da comprensión e o interese polas expresións culturais (por exemplo, expoñer os sentimentos e emocións que transmite un poema, recoñecer recursos literarios etc.).
  - ◊ Construción ou interpretación de gráficos, esquemas ou mapas conceptuais.
  - ◊ Valoración do interese e agrado polo estudo e a lectura.

- Probas de comprensión e expresión oral.
- Cuestionarios de actitudes e intereses.
- Rúbricas para avaliar o tratamento da diversidade individual e grupal (véxanse anexos desta programación).
- Análise dos informes finais individualizados do alumnado da etapa ou curso anterior.
- Información obtida a través da persoa titora e do profesorado que impartiu a materia no curso anterior e especialmente a comunicada polo Departamento de Orientación sobre alumnado con dificultades de aprendizaxe.

### 2.4.3 Instrumentos de avaliación

*a)* ***Pautas xerais de actuación***

Ao longo das actividades, traballos ou probas que se fagan en cada unidade didáctica ou bloque, o profesorado, mediante observacións e análise do traballo do alumnado, rexistrará información sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a.

A información recollerase en fichas individuais de observación, empregando escalas cuantitativas ou cualitativas segundo proceda.

O alumnado será informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado, facendo especial fincapé nos matices propios da área de Lingua Galega e Literatura.

***b) Instrumentos específicos de avaliación e aspectos que avaliar***

- Actividades e exercicios (de enfoque, de ampliación e de síntese) que o alumno/a deba realizarao longo de cada trimestre. Estas actividades realizadas no caderno de clase ou en fichas de traballo serán do mesmo tipo que as que se pedirán nas probas e controis escritos.
- Caderno de clase do alumno/a. Valorarase a correcta presentación do caderno de clase, que terá especial relevancia no primeiro ciclo da ESO e recollerá todas as actividades de grupo ou individuais. Pediráselle ao alumnado cando o profesorado o considere oportuno. O alumnado deberá levar o caderno ao día e telo a disposición todos os días en todas as clases, e deberá ter corrixidas ou completadas as actividades, se procede, despois das postas en común.
- Traballos orais ou escritos (a man ou en soporte multimedia) que poderán ser dos seguintes tipos:
    - Redacción de textos.
    - Traballos monográficos individuais ou en grupo.
    - Traballos de investigación ou proxectos.
    - Informes sobre actividades ou saídas.
    - Comentarios de texto.
    - Comentarios sobre lecturas voluntarias.

Valorarase a correcta presentación dos traballos e a súa adecuación, cando sexa o caso, aos modelos que figuran no Proxecto Lingüístico do Centro e que achegamos no Anexo II desta programación.

- Probas escritas ou orais:

-**Realizaranse por avaliación unha ou máis probas obxectivas** (escritas ou orais, a criterio do profesorado e segundo a marcha do grupo correspondente) da materia obxecto de estudo, que atenderán principalmente a conceptos e procedementos relacionados coas competencias en comunicación lingüística, social e cívica e a conciencia e expresións culturais (CCL, CSC e CCEC). Sempre que sexa posible estas probas corrixiranse en clase para que o alumnado participe da súa propia avaliación. Poderán constar de:

  - Preguntas de resposta curta ou verdadeiro-falso.
  - Comprensión e análise de textos (contido, forma, morfoloxía, sintaxe, léxico...).
  - Comentarios libres ou guiados de textos.
  - Realización de esquemas ou resumos.
  - Exposición de temas.
  - Exercicios de ortografía, morfoloxía, sintaxe ou léxico.
  - Redacción de textos.
  - Preguntas onde o alumnado deberá expoñer con lóxica e coherencia a súa valoración ou opinión persoal ou propoñerá solucións a un problema presentado.

-**Tamén se realizará por avaliación unha proba (escrita ou oral) sobre os diferentes libros de lectura** (un como mínimo por avaliación) que serán fixados ao inicio de cada curso.

-**Controis orais ou escritos sobre os libros de lectura voluntaria**. Avaliaranse ata un máximo de dúas lecturas voluntarias por trimestre.

- Exposicións orais: poderán ser propostas polo profesorado coa finalidade de avaliar a capacidade oratoria e o uso e corrección oral da lingua.
- Actitude e traballo persoal: valorarase a asistencia, interese, atención, participación, o traballo individual e en equipo, a actitude durante as actividades na aula ou fóra dela, así como a puntualidade na entrega dos traballos e o coidado e respecto do material de clase ou do de aulas específicas.
- Corrección escrita: en toda produción escrita valoraranse negativamente os erros na presentación, ortografía, adecuación, coherencia ou cohesión.
- Corrección oral da lingua e uso diario dela: valorarase positiva ou negativamente, ben por observación directa na aula ou por medio de probas orais complementarias.

No seguinte cadro presentamos unha lista de posibles instrumentos de avaliación que poderán ser empregados segundo as necesidades e os estándares de aprendizaxe. Estes instrumentos aparecen detallados nas programacións específicas e relacionados cos estándares de aprendizaxe avaliables.

| POSIBLES INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | |
|---|---|
| **AutoavComTexto** | Autoavaliación de comentarios de texto |
| **AutoavComp** | Autoavaliación de competencias |
| **AutoavCont** | Autoavaliación de contidos |
| **AuD** | Autoavaliación do uso do dicionario |
| **AutoavSociol** | Autoavaliación e reflexión sobre lingua e sociedade |
| **CoavOrt** | Coavaliación das normas ortográficas |
| **DAutoavTCooper** | Diana para a autoavaliación do traballo cooperativo |
| **DCoavTEquipo** | Diana para a coavaliación do traballo en equipo |
| **DTrab/Ctm** | Diana para a autoavaliación do traballo e o comportamento na clase |
| **EAutoavProx** | Escala de autoavaliación de proxectos |
| **EObsCad** | Escala de observación do caderno de clase |
| **PC** | Postas en común |
| **PE** | Proba escrita |
| **PO** | Proba oral |
| **ReAnálText** | Rexistro de análise de textos |
| **ReAnécd** | Rexistro de anécdotas |
| **ReAutoavAct** | Rexistro de autoavaliación de actitudes |
| **ReAutGram** | Rexistro de autoavaliación dos conceptos gramaticais |
| **ReComLect** | Rexistro de avaliación dos comentarios de lecturas |
| **ReLectVol** | Rexistro de obras de lectura voluntarias |
| **ReAvalColoquios** | Rexistro de avaliación de coloquios |
| **ReAvalDebates** | Rexistro de avaliación de debates |
| **ReObrEscrita** | Rexistro de avaliación de obradoiros de expresión escrita |
| **ReObs** | Rexistro de observación |
| **RePart** | Rexistro da participación e as intervencións na materia |
| **RuAprLiteratura** | Rúbrica de aprendizaxes de literatura |
| **RuCoavProx** | Rúbrica para a coavaliación de proxectos |
| **RuContGram** | Rúbrica para avaliar os contidos gramaticais |
| **RuComText** | Rúbrica de comentario de textos |
| **RuExpOrTrab** | Rúbrica para avaliar a exposición oral de traballos |
| **RuExpOrais** | Rúbrica de avaliación de exposicións orais |

| | |
|---|---|
| **RuTEscritos** | Rúbrica de avaliación de textos escritos |

***c) Outros aspectos para ter en conta no proceso de avaliación***

- ◊ Valorarase positivamente a participación en proxectos interdisciplinares.
- ◊ Valorarase positivamente a participación voluntaria nas distintas actividades de clase e extraescolares.
- ◊ Valorarase positivamente a participación voluntaria en actividades ou proxectos de dinamización da lingua galega.
- ◊ Valorarase positivamente a participación voluntaria en clubs de lectura.
- ◊ Terán valoración negativa as ausencias a clase inxustificadas e as faltas de puntualidade.

### 2.4.4 Procedemento e criterios de cualificación

***Sistema de cualificación das avaliacións parciais***

**Realizaranse por avaliación unha ou máis probas obxectivas** (escritas ou orais, a criterio do profesorado e segundo a marcha do grupo correspondente) **da materia obxecto de estudo. Estas probas, xunto coas producións do alumnado, caderno da clase, supoñerán o 70% + 20% da nota global de cada avaliación**.

Tamén se realizará por avaliación **unha ou máis probas (orais ou escritas) sobre os diferentes libros de lectura** (un como mínimo por avaliación, que serán fixados ao inicio de cada curso). Estas probas (tanto das lecturas obrigatorias como das voluntarias) deberán avaliar a comprensión lectora, a capacidade de análise e reflexión sobre as lecturas e a corrección e adecuación da lingua empregada (ler, comprender e saber explicar). **As probas ou actividades sobre os libros de lectura supoñerán parte da nota global de cada avaliación**.

Cando un alumno ou alumna **non realice a lectura obrigatoria** na primeira avaliación (ou obteña unha cualificación de 0 puntos derivada da non demostración da lectura) e reincida na ausencia de lectura na segunda avaliación será **penalizado** con **0,5 puntos** na nota global desa segunda avaliación, e con **1 punto** no caso de producirse unha vez máis na terceira avaliación.

A **participación** activa na aula, o **traballo diario**, a puntual **realización dos exercicios** encomendados e a **actitude** positiva cara á aprendizaxe da lingua, avaliables pola observación directa e diaria do profesor/a, ou por rexistros de observación, supoñerán o **10% da nota global de cada avaliación**. Consecuentemente, descontarase dese 10% da participación activa e o traballo de aula calquera actividade non realizada, mesmo pola inasistencia a clase, total ou parcialmente (impuntualidade), cando a devandita inasistencia sexa inxustificada. Naqueles grupos nos que se estea traballando no programa de

Aprendizaxe Cooperativa a avaliación e cualificación dese proceso realizaranse dentro deste 10% da nota.

**Dentro dese 10%** inclúese o **uso diario da lingua,** a súa **corrección oral** e a **valoración da lingua** como manifestación da riqueza cultural e como sinal de identidade dun pobo. A avaliación desta destreza realizarase por observación directa na aula, mediante actividades orais, debates ou algunha proba oral complementaria.

Establecerase, no inicio de cada curso, unha listaxe de **lecturas voluntarias** por curso, que **poderán incrementar a nota final de cada avaliación ata 1 punto**, a razón de 0,5 puntos **como máximo** por libro voluntariamente lido e positivamente avaliado (este incremento de puntuación en ningún caso poderá dar lugar a unha nota global superior a 10 puntos). O control de avaliación das lecturas voluntarias deberá realizarse **dentro dos prazos previamente establecidos polo profesorado**; de non ser así o alumnado perderá o dereito a ser avaliado desas lecturas.

O redondeo a puntos enteiros realizarase á alza ou á baixa (ao punto inmediatamente superior ou inferior) segundo a observación do profesor/a da constancia do traballo e a actitude diarias.

A non asistencia a calquera das probas previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polos pais ou titores; en caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos.

No caso de sorprender un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie na realización de calquera proba, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos.

En toda produción escrita (traballos, exames…), tanto nas avaliacións parciais como na ordinaria ou na extraordinaria de setembro, poderá **descontarse ata 1 punto** en 1º e 2º da ESO, e **ata 1,5 puntos** en 3º e 4º da ESO **por erros na presentación, ortografía, adecuación, coherencia ou cohesión.**

***Sistema de cualificación final***

A nota final será a **media ponderada da das tres avaliacións (30%** a primeira, **30%** a segunda e **40%** a terceira**)** e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos.

En todos os cursos se poderá **sumar á nota final ata 1 punto pola participación en actividades ou proxectos relacionados coa dinamización lingüística ou clubs de lectura** (ata 0,2 puntos por actividade; se unha actividade se desenvolve durante un trimestre ou durante todo o curso computará ata 0,5 puntos). Esta participación debe estar positivamente informada polo profesorado responsable e **a puntuación correspondente engadirase sempre a partir dunha nota mínima de 5 puntos**. O mencionado **incremento**

de **ata 1 punto na nota final só se aplicará**, de ser o caso, **na convocatoria ordinaria de xuño**. Non se terá en conta para a cualificación de setembro por tratarse dunha convocatoria extraordinaria.

***Recuperacións***

Non se realizarán probas de recuperación, xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso e mediante a compensación dunhas avaliacións coas outras. O alumnado poderá concorrer a un **exame final** de recuperación se é preciso.

| AVALIACIÓN. CADRO RESUMO | | |
|---|---|---|
| | **2º ESO** | **4º ESO** |
| **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS** | • **70% probas sobre os mínimos esixibles e probas de lectura.**<br>• **20% porfolio e lectura.**<br>• **10% actitude e traballo diario. e uso e corrección oral da lingua.** | • **70% probas sobre os mínimos esixibles.**<br>• **20% probas de lectura.**<br>• **10% actitude e traballo diario e uso e corrección oral da lingua.** |
| | • **Ata 1 punto** a maiores por lecturas voluntarias ( ata 0,5 cada libro), dentro dos prazos establecidos. | • **Ata 1 punto** a maiores por lecturas voluntarias (ata 0,5 cada libro), dentro dos prazos establecidos. |
| **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN FINAL** | • **A nota final será a media ponderada da das tres avaliacións (30%** a primeira, **30%** a segunda**, 40%** a terceira**), e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos.** | • **A nota final será a media ponderada da das tres avaliacións (30%** a primeira, **30%** a segunda**, 40%** a terceira**), e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos.** |
| | • **Ata 1 punto** a maiores por participación en proxectos (engadirase só a partir dunha nota mínima de 5 puntos). | • **Ata 1 punto** a maiores por participación en proxectos (engadirase só a partir dunha nota mínima de 5 puntos). |
| **DESCONTOS** | • **Ata 1 punto** por erros de escrita.<br>• **0,5 puntos** a primeira reincidencia na falta de lectura e **1 punto** a segunda vez. | • **Ata 1,5 puntos** por erros de escrita.<br>• **0,5 puntos** a primeira reincidencia na falta de lectura e **1 punto** a segunda vez. |

### *2.4.5. Información ao alumnado e difusión do procedemento e criterios de cualificación*

O departamento adoptará o seguinte protocolo:

Nas dúas primeiras semanas do curso, cada profesor e profesora do Departamento, en cada grupo e curso dos que imparte docencia, dedicará unha sesión ou parte dela a explicar detalladamente o procedemento e os criterios de cualificación da materia ata asegurar que foron debidamente comprendidos. Tamén comentará co alumnado o sistema de lecturas e exporá as listaxes de lecturas obrigatorias e, de ser o caso, opcionais. Poderá tamén deixar un resumo do procedemento e criterios no taboleiro da aula, así como os listados de lecturas ou entregárllelos ao delegado ou delegada para que se responsabilice da súa custodia.

Tamén poderán presentar ao alumnado, de forma breve, os obxectivos e contidos xerais da materia (temario ou breve descrición das unidades didácticas).

En canto á comunicación á comunidade educativa da información básica relativa á programación didáctica, á que fai referencia á *Ord*e correspondente:

- Informarase tamén ao alumnado de que na páxina web do IES se publican cada curso a Programación completa do Departamento así como separatas cos procedementos e criterios de cualificación e coa contribución ao Plan Lector (na que figuran as listas de lecturas obrigatorias e voluntarias).
- Unha vez rematado o proceso de información e difusión cada profesor e profesora comunicarallo á xefatura do Departamento (que poderá facelo constar nunha acta de reunión).

## 2.5 SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

### 2.5.1 Alumnado con pendente

Aqueles alumnos e alumnas da ESO que teñan a materia pendente dun curso anterior poderán superala por medio dun dos dous procedementos seguintes, que non son excluíntes:

1º) Mediante unha avaliación continuada que realizará o profesorado que imparta a materia no curso no que estea matriculado o alumno/a. Cada profesor ou profesora entregaralle ao alumnado que teña coa materia pendente nos grupos en que imparte docencia material de traballo para preparar as posteriores probas de control, tomando como base os obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles indicados na correspondente programación de cada nivel.

Este material estará dividido en dúas partes. O alumnado realizará este traballo, que será supervisado periodicamente polo profesorado e entregado a este nas datas límite que se establezan cada curso académico para cada unha das dúas partes; finalmente o

profesorado faralle ao alumno/a unha proba de control de cada unha das partes (aproximadamente nos meses de xaneiro e marzo/abril, respectivamente). Se non se fixo entrega en prazo de cada un dos dous bloques de actividades, e correctamente realizadas a xuízo do profesor/a responsable, enténdese que o alumno/a renuncia a preparar a materia pendente por esta vía e non terá por tanto opción de realizar a proba de control. Do mesmo xeito, se non se realiza o primeiro bloque ou a súa proba de control, non se terá opción de realizar tampouco o segundo bloque nin a súa respectiva proba de control. O profesorado outorgará unha cualificación, de 0 a 10, a cada unha das probas de control correspondentes a cadanseu bloque de traballo. A nota media das dúas probas para considerar a materia superada será de 5 puntos.

A devandita cualificación, se existe, seralle comunicada á xefatura de departamento para que conste na acta de avaliación correspondente. Aquel alumnado que supere a materia por esta vía non terá que presentarse á proba final que se explica no punto seguinte.

2º) En caso de non aprobar a materia pola anterior vía, ou de renunciar a facer uso dela ou dalgunha das súas partes, o alumnado poderá realizar a correspondente proba final única establecida para o mes de maio. A eses efectos, antes do 31 de abril, o profesorado con alumnado pendente ao seu cargo comunicaranlle á xefatura de departamento as cualificacións correspondentes, coa finalidade de comprobar que alumnado deberá realizar a proba final de maio e cal non por ter a materia aprobada pola vía anteriormente explicada. No que se refire aos contidos, criterios de avaliación, etc., de cada nivel, remitimos ao establecido e indicado na correspondente programación dos respectivos cursos.

En canto aos mínimos esixibles de 1º, 2º e 3º da ESO remitimos aos indicados na correspondente programación dos mencionados cursos.

O alumnado que non supere a materia pendente na convocatoria de maio deberá presentarse á proba extraordinaria de setembro. Para esta convocatoria non se establecerá ningún plan de traballo avaliable polo profesorado. Realizarase unicamente unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos e aos mínimos esixibles traballados durante o curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

## 2.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Coa selección de materiais e recursos didácticos buscamos:

- A motivación do alumnado.
- A participación activa do alumno/a na aula.
- A atención á diversidade de capacidades e intereses do alumno/a.
- A efectividade dos principios de dinamismo e variación no desenvolvemento da clase.

En concreto, empregaranse os seguintes materiais e recursos:

- **Material de elaboración propia colgado na aula virtual e outro material complementario**

- **Libros de lectura**

Ao inicio de cada curso establecerase unha listaxe de libros de lectura obrigatoria, que será comunicada nas primeiras semanas de clase.

Estableceranse 2 ou 3 libros por cada avaliación de xeito que sexa obrigatorio ler, a elección, 1 deles. Os restantes poderán ser lidos de forma voluntaria.

A maiores, poderá establecerse unha lista máis ampla de libros de lectura voluntaria, que se for recomendable ou preciso poderá ser aumentada sobre a marcha a criterio do profesor/a. O profesor/a de cada grupo ou nivel pautará para o seu alumnado toda esa listaxe de posibles libros de lectura voluntaria. No apartado 2.10. Accións de contribución ao Proxecto Lector desta programación figura unha proposta de listaxe de lecturas voluntarias. Algunha das propostas para este curso son as seguintes:

**LECTURAS 2º ESO**

1ª AVALIACIÓN Bloque 1 de lecturas LIX actual

2ª AVALIACIÓN Bloque 2 de lecturas LIX clásica (diferentes textos)

3ª AVALIACIÓN Bloque 3 de lecturas LIX actual e outros relatos

**LECTURAS 4º ESO**

1ª AVAL – NOVELA ACTUAL (galega ou tradución)

2ª AVAL – NOVELA CLÁSICA (da época correspondente ao período literario de estudo)

3ª AVAL - SOCIOLINGÜÍSTICA (novela ou teatro que toque algún aspecto da sociolingüística traballada na aula)

Achégase un anexo co plan lector detallado e coas propostas de lecturas para o curso para todos os grupos.

Ademais contaremos con todos os recursos que poidan facer da aprendizaxe un proceso significativo para o alumnado. Así contemplaremos o uso de:

- Biblioteca do centro e de aula.
- Todos os recursos que se poidan obter coas TIC e coa Aula Virtual persoal:
  - Listaxes de páxinas que nos remiten a distintas webs, blogs, audios, vídeos... que conteñen exercicios, actividades ou propostas para buscar información, seleccionala, analizala e extraer as conclusións pertinentes.

    https://linguakit.com/gl/
    https://cadernodelingua.wordpress.com/tag/rosa-salgueiro/
    http://napuntadalingua.rosasalgueiro.com/lingua.htm
    http://www.blogoteca.com/profesgalegas/
    http://www.aelg.org/PalabraAudiovisual/
    http://consellodacultura.gal/
    http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php
    http://www.ghastaspista.com/historia/
    http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/indice.htm
    http://www.linguagalega.org/lingua/lingua.html
    https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1296813709/contido/Galego/indice.htm
    https://gl.wikibooks.org/wiki/Curso_de_lingua_galega
    http://www.xente.mundo-r.com/anvi/
    https://gl.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Curso_de_lingua_galega
    http://atallolongo.blogspot.com.es/p/lingua-1-bac.html
    http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art4_n1.html
    http://www.coordinadoraendl.org/limiar.php
    http://www.galego.org/biblioteca.html
    http://remexer.com/ies/
    http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_/aprendelo/contido_0020/lexico-especifico
    http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/biblio-term_cron.html
    https://www.educaplay.com/
    https://vimeo.com/166844019( a lingua na rúa)
    https://vimeo.com/166817289 (videoremix Irmandades da Fala)
    https://www.facebook.com/illabufarda/posts/982507838534515(Que que son as Irmandades da Fala)
    http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/programa/os-outros-feirantes

http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/eirado-3-temporada-01-10-2011http://academia.gal/
http://ilg.usc.es/
http://www.agal-gz.org/corporativo/

- Presentacións en formato odp cos mapas conceptuais dos contidos que vaian ser presentados ou revisados para a súa posterior avaliación.
- Arquivos de audio e vídeo para traballar a comprensión e expresión oral, escrita e mesmo literaria.
- Bibliotecas virtuais que esixan un elemental manexo.

http://bvg.udc.es/
http://tradutoresgalegos.com/bivir.html

- Tradutores e correctores en rede

**Tradutor OpenTradapertium** español <-> galego. Universidade de Vigo
http://sli.uvigo.es/tradutor/index.html
**Tradutor gaio.** Xunta de Galicia
http://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index
**Ortogal (corrector de galego**). Universidade de Vigo
http://sli.uvigo.es/corrector/

- Normas e dicionarios

Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Real Academia Galega
http://academia.gal/documents/guest/Recursos/normas_galego05.pdf
Dicionario da Real Academia Galega
http://academia.gal/dicionario#inicio.do
Dicionario Xunta de Galicia / Editorial Ir Indo
http://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php
Dicionario Estraviz
http://www.estraviz.org/
Volga: Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega. Real Academia Galega
http://academia.gal/recursos-volg
Dicionario de dicionarios da lingua galega
http://sli.uvigo.es/ddd/index.html
Dicionario de pronuncia da lingua galega
http://ilg.usc.es/pronuncia/

- Todo tipo de prensa e de publicacións dixitais

http://codigocero.com/
http://www.galiciaconfidencial.com/
http://galiciae.com/gl

http://praza.gal/
http://www.sermosgaliza.gal/
http://www.disquecool.com/
http://tanxente.com/
http://www.galiciahoxe.com/

- Textos específicos fotocopiados.
- Recursos fotocopiables con actividades de reforzo e ampliación.
- Recursos fotocopiables con fragmentos de lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Fragmentos de obras literarias (narrativa, escolmas poéticas, textos dramáticos...)
- Textos producidos polo propio alumnado.
- Dicionarios.
- Encontros con escritores e escritoras para falar sobre obras literarias.
- Asistencia a conferencias ou debates.
- Asistencia a proxeccións de cine, representacións teatrais relacionadas coa cultura galega, rutas literarias, visitas a museos etc.

## 2.7 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito diferencial que caracteriza a especie humana é unha realidade insalvable que condiciona todo proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, o alumando é diferente no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias etc. Todo iso sitúanos aos docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

Para atender a diversidade disponse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario. As primeiras e máis importantes estratexias para a atención á diversidade adoptaranse no marco de cada centro e de cada aula concreta.

O profesorado, facendo uso da súa autonomía, adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación á realidade e necesidades do alumnado do centro.

O tipo de necesidades que en xeral presenta o noso alumnado, as pautas e protocolos xerais, legais e organizativos que teremos en conta, e a resposta educativa que temos previsto ofrecer, se nos for posible, exponse no seguinte cadro:

| NECESIDADES DO ALUMNADO | MEDIDAS DE RESPOSTA EDUCATIVA NO IES | PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E OUTRAS | COORDINACIÓN OUTRAS INSTITUCIÓNS |
|---|---|---|---|
| **N. EDUCATIVAS ESPECIAIS** | | | |
| **Discapacidade intelectual** | ***B, D, E, F, I, J, K, M** | "Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade intelectual" http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644 | Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos Programa |
| **Discapacidade motórica** | **B** | "Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade motora" http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/motora.pdf | Pautas do EOE da Coruña |
| **Discapacidade sensorial** | **B, C** | "Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva" https://www.edu.xunta.gal/portal/node/27080 | Pautas do EOE da Coruña |
| **Trastornos xeneralizados do desenvolvemento** (TEA) **Síndrome Asperger** | **B** | "Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento" http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655<br><br>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703 | ASPERGA A Coruña http://www.asperga.org/ |
| **Trastornos graves de conduta** | **A, B, L** | Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia<br><br>http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal | Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos Programa |
| **N.ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO** | | | |
| **Altas capacidades** | **A, B, C, I** | Sobredotación intelectual" http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700<br><br>"Orientacións e respostas educativas: alumnado con sobredotación intelectual" http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630<br><br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144 | Coordinación con ASAC<br><br>Pautas do EOE da Coruña |
| **TDAH** | **A, B, C, E, I, K, N** | Terase en conta o establecido no punto 8.1, Anexo 1, apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario": http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546 | -Orientacións da Asociación Compostelá de nenos/as con TDAH: http://www.acnhsantiago.org/ |
| **Dislexia** | **A, B, C, D, E, I** | "Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe": https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656 | -Orientacións da Asociación de Dislexia: http://www.agadix.es/ |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | -Orientacións EOE da Coruña<br><br>-Anexo XI, proposta do DO |
| **Incorporación tardía (alumnado estranxeiro de recente incorporación)** | **D, E, F, G, H, I, J, K, M, O** | "Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro)":<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146 | -UTS do Concello |
| **Necesidades específicas de aprendizaxe** | **A, B, C, D, E, F, I, J, K, M, N, O** | "Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe"<br>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656<br><br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409 | -UTS do Concello<br><br>-Contratos programa |
| **DESVANTAXESOCIOEDUCATIVA** | | | |
| **Ambientes desfavorecidos/marxinais** | **A, B, C, D, I, J, L, N, O** | "Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar":<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410<br><br>Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector Igaxes3<br>http://www.igaxes.org/?lang=es | -UTS do Concello |
| **Etnia xitana** | **B, D, E, I, Ñ, O** | Programas e plans:<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412<br><br>http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791 | https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/ |
| **ATENCIÓN EDUCATIVA POR ENFERMIDADE** | | | |
| **Atención educativa domiciliaria** | **B, P** | "Protocolo de atención educativa domiciliaria":<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal<br><br>http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722 | |
| **Atención educativa hospitalaria** | **B, Q** | http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal | |

| **CADRO DE EQUIVALENCIAS DAS MEDIDAS DE RESPOSTA EDUCATIVA NO IES** | |
|---|---|
| **A** | Axenda escolar |
| ***B** | Seguimento titorial do rendemento |
| **C** | Reforzo educativo |
| **D** | Exención da 2ª Lingua Estranxeira / Programa de lectoescritura |
| **E** | Apoio fóra / dentro da aula do profesorado de PT |
| **F** | ACS |
| **G** | Grupos de adquisición de linguas |
| **H** | Grupos de competencia curricular |

| | |
|---|---|
| **I** | Agrupamentos flexibles |
| **J** | Integración da materias en ámbitos |
| **K** | PMAR |
| **L** | Programa de HHSS |
| **M** | Sen programa aínda determinado |
| **N** | Sen programa aínda determinado |
| **Ñ** | Non contamos con alumnado este curso |
| **O** | Desenvolvemento das Competencias clave |
| **P** | Atención educativa domiciliaria |
| **Q** | Atención educativa hospitalaria |

Outros protocolos da Xunta que se poden ter en conta:

- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de Urxencias Sanitarias.

### 2.7.1 Agrupamentos flexibles/grupos pequenos

Os agrupamentos flexibles, en cada un dos niveis, rexeranse polas programacións correspondentes do respectivo nivel. A atención á diversidade virá dada, neste caso, por un seguimento máis persoal do alumnado, adaptando e escollendo o material de traballo de acordo coas súas posibilidades e o seu ritmo de aprendizaxe e, en todo caso, centrándonos unicamente nos mínimos esixibles e naquelas competencias e usos lingüísticos, orais e escritos, que se consideren básicos e fundamentais para poder superar con garantías o correspondente nivel. Este curso, non hai agrupamentos ao haber xa grupos pequenos.

### 2.7.2 Reforzo da alfabetización dixital en lingua galega en 1º ESO

Os grupos de reforzo de alfabetización dixital constitúen unha achega para dar resposta ás necesidades de mellora da competencia dixital e comunicativa do alumnado (especialmente a competencia en comunicación oral) postas de manifesto a través dos datos sociolingüísticos achegados polo PLC e tamén reflectidas nas propostas de mellora das nosas memorias de departamento de cursos anteriores.

O reforzo afectará a primeiro de ESO (por ser o nivel no que se viñan detectando maiores dificultades) e plasmarase nos agrupamentos que a organización do centro permita e de acordo coas directrices da Xefatura de Estudos.

O alumnado será derivado aos grupos de reforzo polo profesorado dos grupos ordinarios correspondentes, unha vez detectadas as necesidades de reforzo e limitando o número de asistentes a un máximo de 8 persoas.

Na hora de reforzo traballaranse, de xeito coordinado co profesorado dos grupos ordinarios de referencia, os estándares de aprendizaxe e os mínimos correspondentes ao bloque 1 (*Comunicación oral. Escoitar e falar*), así como os mínimos do bloque 3 (*Funcionamento da lingua*) referidos ao léxico dos campos semánticos establecidos na táboa do anexo 1 desta programación didáctica ademais da alfabetización dixital básica.

No noso caso, o grupo de reforzo de 1º ESO está impartido pola mesma profesora de Lingua galega dos grupos de referencia e este alumnado, que non asistirá á materia de Segunda lingua estranxeira: francés, poderá recibir non só apoio naqueles elos fracos que a docente detecte na aula ordinaria, senón que tamén será formada en alfabetización dixital que permita que este alumnado, normalmente con moitas dificultades para o traballo autónomo, poida, no caso de termos que vivir unha situación de semipresencialidade ou de traballo telemático total, seguir as clases en liña e realizar todas as tarefas correspondentes aos contidos mínimos de xeito virtual na aula correspondente de cada materia.

Deste xeito, este curso a programación estará máis encamiñada a tarefas básicas como manexo da aula virtual, redacción de correos electrónicos, participación en chats e blogues académicos e outras destrezas básicas para poder avanzar de xeito guiado virtualmente: axenda de entregas de tarefas, realización de actividades en aula virtual, creación de documentos en diferentes formatos (fotografía ou documento de procesador de textos en pdf), boas prácticas na rede (uso de documentos sen dereitos de autor), buscas optimizadas, boas prácticas na rede, creación de portfolio dixital, etc.

Deste xeito, durante estas clases de refozo, que serán impartidas en lingua galega, farase un reforzo daqueles puntos fracos que se detecten neste alumnado para que non perdan o ritmo do resto do grupo de referencia en canto ao manexo das ferramentas básicas.

### 2.7.3 Actividades de reforzo e ampliación

Van dirixidas a:

-Alumnado con dificultades de aprendizaxe, por carecer de motivación ou por outros motivos que poidan presentar.

-Alumnado con nivel de motivación maior, que permita un tratamento máis ampliado de certas cuestións.

No primeiro caso seleccionaranse actividades sinxelas, que fagan fincapé nos conceptos e competencias clavee tendo como referencia os mínimos esixibles. As referencias en cada unidade didáctica a aspectos xa tratados nas anteriores serán consideradas como unha medida de reforzo de grande importancia.

No segundo caso irán encamiñadas á realización de traballos de ampliación, de carácter voluntario, con actividades atractivas e que normalmente están fóra do tratamento dos contidos que se fan na aula.

No anexo II desta programación presentamos dous modelos de rúbricas, un para avaliar a diversidade individual e outro para avaliar a diversidade no grupo, que poden ser tomadas como referencia para planificar algunhas medidas de atención á diversidade comprendidas dentro deste apartado.

### 2.7.4 Adaptacións curriculares significativas

Enténdese por Adaptación Curricular Significativa (ACS) a proposta curricular específica para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE). Nesta proposta introdúcense modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo común e pode afectar a unha, varias ou todas as áreas.

O deseño e desenvolvemento das ACS é responsabilidade do profesorado que imparte a materia, coa colaboración do Departamento didáctico e co asesoramento do Departamento de Orientación do centro. O alumnado será avaliado en función dos logros establecidos na súa ACS.

### 2.7.5 Programas de recuperación

Para o alumnado que promocione coa materia suspensa de cursos anteriores, establecerase un programa para a recuperación das aprendizaxes desa materia, baseado nos mínimos esixibles do curso. Dado que o profesorado do Departamento non ten asignación horaria específica para esta función, o programa consistirá nas medidas programadas no apartado 2.5 desta programación ("Recuperación das materias pendentes").

### 2.7.6 Programas específicos personalizados para alumnado repetidor

O departamento, a través do profesorado afectado, establecerá os programas que correspondan despois da análise individualizada da marcha académica do alumnado repetidor nos cursos da ESO, ao que se procederá durante o primeiro trimestre. O departamento, o profesorado que imparta a materia e o profesorado titor actuarán en permanente coordinación en todo o relativo á marcha académica do alumnado repetidor, sempre segundo as directrices que determinou a Comisión de Coordinación Pedagóxica xunto coa Dirección. Algunhas das medidas que se poderán adoptar son:

-Revisión e seguimento periódico específico das tarefas escolares.

-Simplificación das tarefas, se o ritmo de aprendizaxe o fai preciso, tomando como referencia os mínimos esixibles.

-Comunicación continua co profesor/a titor/a en todo o relativo ao rendemento académico e actitudes deste alumnado e comunicación estreita coa familia.

## 2.8 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### 2.8.1 Obxectivos

A programación das actividades extraescolares e complementarias terá os seguintes obxectivos, algúns deles coincidentes con algunhas das liñas xerais de actuación recollidas no PLC:

- Reforzar os contidos traballados na aula.
- Motivar o alumnado para a aprendizaxe da materia.
- Potenciar a relación da materia co contexto social.
- Habilitar espazos formativos e lúdicos de uso da lingua galega.
- Favorecer o uso oral da lingua galega entre a mocidade en contextos formais e informais.
- Fomentar actitudes positivas cara á lingua e a cultura galegas e estimular na mocidade actitudes favorables que se traduzan no aumento do uso da lingua galega.
- Valorar o patrimonio artístico e cultural galego.
- Achegarse dun xeito lúdico á historia e cultura galegas.
- Achegarse de forma activa á vida e obras dos nosos escritores e escritoras.
- Fomentar o gusto polo teatro.
- Poñer en contacto o alumnado con todo tipo de manifestacións culturais en galego (teatro, música, cine etc.) e con persoas que constitúan referentes de fidelidade lingüística e compromiso co idioma nos máis diversos ámbitos sociais: música actual, deporte, cinema, tecnoloxías etc.
- Familiarizar o alumnado con ámbitos culturais prestixiosos e modernos que se expresen en galego.
- Fomentar a lectura en galego a través da empatía proporcionada polo contacto directo e o intercambio de vivencias con escritores e escritoras.
- Crear espazos de opinión e de lecer relacionados coa lectura en galego e fomentar as relacións persoais a través dela.
- Facilitar a integración lingüística do alumnado non galegofalante.
- Implicar o Centro nas distintas propostas que no ámbito da dinamización da lingua e cultura galegas se desenvolvan desde órganos específicos de longo alcance (concello, radio...).
- Afondar na visión da lingua galega como vehículo de comunicación dentro da lusofonía, mostrando que a lingua galega ten utilidade e que pode abrir portas profesionais, laborais, amizades etc.

- Romper o prexuízo do galego como lingua sen utilidade achegando unha visión máis ampla a través do contacto coas músicas que se están facendo actualmente en Galicia, Portugal e Brasil, principalmente.
- Potenciar a expresión creativa do alumnado, utilizando como vehículo de expresión a lingua galega.

### 2.8.2 Actividades

As actividades están contempladas maioritariamente dentro do horario escolar e a súa realización dependerá dos recursos dos que dispoña o departamento, así como da oferta de cada curso. O departamento proponse realizar varias das seguintes actividades complementarias:

-Asistencia a charlas de autores/as galegos/as.

-Asistencia a charlas ou obradoiros relacionadas coa sociolingüística.

-Participación en recitais poéticos.

-Contacontos.

-Asistencia a obradoiros de escritura, creación…

-Actividades culturais da Semana das Letras Galegas.

-Letras Galegas 2021: aínda por determinar.

-Asistencia a representacións teatrais, diferidas ou, no seu defecto, webseries, LGX15...

-Asistencia a proxeccións cinematográficas en galego.

-Organización, en colaboración co Departamento de L. castelá e co EDLG de posibles visitas a Rianxo e á Pobra do Caramiñal para achegarse ás figuras de Castelao, Manuel Antonio, Dieste e Valle-Inclán.

-Participación en colaboración co EDLG na *radio na escola* sempre que sexa posible.

-Participación en colaboración co EDLG no *blog Palabras na area.*

-Colaboración nos programas de dinamización da lingua galega (Departamento de Educación do Concello de Malpica), sempre que se propoñan.

-Colaboración coa *Axenda escolar feminista* (Asemblea de Cooperación pola paz e Agareso) ou calquera outra entidade local, como a Asociación Visibles.

-Coordinación e participación, en colaboración coa biblioteca, nun ou varios clubs de lectura, que este ano serán vía Telegram e Wébex.

-Participación e colaboración nas actividades programadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

-Participación en actividades organizadas por vicedirección, biblioteca, ou interdepartamentais sempre que resulten de interese para a materia.

De momento, unicamente podemos concretar e temporalizar as seguintes actividades:

*-Concurso Letras terroríficas polo tempo do Samaín*, proposto pola biblioteca.

-Obradoiros *Igualdade,* propostos cada ano pola Asociación Visibles.

*-Tíralle da lingua,* con participación dun vídeo nesta edición.

-*Club de lectura*, que se poñerán en marcha a partir de novembro.

-*Correlingua 2023 (sempre que exista a convocatoria).*

-*Letras galegas 2023* (todos os cursos a partir de propostas dos departamentos).

-*Visita a algún centro co que existiu intercambio postal (Allariz ou Milladoiro).*

## 2.9 ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Consideramos fundamental ter en conta a idea de transversalidade como forma de relacionar os contidos da materia cos doutras, considerando os valores e as actitudes implícitos nestes contidos. O propósito é contribuír a que a educación dos estudantes se leve a cabo cunha maior unidade de criterio entre as distintas materias, o que pode lograrse prestando atención, ao presentar a organización do proxecto curricular, a aqueles contidos que posúen carácter interdisciplinar.

O enfoque xeral da educación en valores debe estar implicado no proxecto de todo o centro e interrelacionado co resto dos membros da comunidade educativa (nais e pais, institucións...) tendo como finalidade os catro eixes básicos da educación: Aprender a coñecer, Aprender a facer, Aprender a vivir cos demais e Aprender a ser.

O talante co que se ha de enfocar o desenvolvemento dos valores debe ser integrador, é dicir, non deben ser entendidos como "engadidos"ao currículo nin como "materias illadas" que supoñan a elaboración de novos contidos; moi ao contrario, deben servir como vía para adoptar perspectivas múltiples que abran camiño e permitan dirixir e "enfocar" as competencias de modo máis completo e eficaz.

Incluímos a educación en valores en diversas categorías:

| | |
|---|---|
| **1. Educación moral e cívica** | Pretende educar no pluralismo, nas seguintes direccións:<br>-O respecto pola autonomía dos demais.<br>-A igualdade de trato e non discriminación.<br>-O diálogo como forma de solucionar diferenzas.<br>-A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. |

| | |
|---|---|
| **2. Educación para a paz** | Persegue:<br>-Xerar posicións de defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e institucións significativas.<br>-A prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.<br>-A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social e a preferencia pola solución dialogada de conflitos.<br>-O rexeitamento da violencia terrorista e de calquera tipo de violencia. |
| **3. Educación para a saúde e a calidade de vida** | Pretende:<br>-Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e a forma de previlas e curalas.<br>-Desenvolver hábitos de saúde |
| **4. Educación para a igualdade entre os sexos** | Ten como obxectivos:<br>-Desenvolver a autoestima e a concepción do propio corpo como expresión da personalidade.<br>-A igualdade efectiva entre homes e mulleres.<br>-A prevención da violencia de xénero.<br>-A evitación de comportamentos e de contidos sexistas.<br>-A evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.<br>-Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas. |
| **5. Educación ambiental** | Pretende:<br>-Comprender os principais problemas ambientais.<br>-Adquirir responsabilidade ante o medio. |
| **6. Educación sexual** | Os seus obxectivos son:<br>-Asimilar información suficiente e científica sobre todos os aspectos relativos á sexualidade.<br>-Consolidar actitudes de naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade. |
| **7. Educación do consumidor** | Pretende:<br>-Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e efectos individuais e sociais de consumo.<br>-Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor. |
| **8. Educación para o lecer** | Pretende:<br>-Promover a valoración da literatura como medio de expresión dos sentimentos do ser humano e como fonte de pracer que pode alegrar e enriquecer os momentos de lecer.<br>-Fomentar o pracer de ler, a lectura como actividade gratificante e enriquecedora. |
| **9. Educación viaria** | Pretende:<br>-Desenvolver hábitos de respecto polas normas de circulación.<br>-Crear actitudes de prevención e fomentar o comportamento responsable nas vías públicas. |

| 10. Emprendemento | Pretende:<br>-Fomentar a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico. |
|---|---|

No desenvolvemento dos contidos da nosa materia é difícil incluír os valores en todas as categorías citadas. Non debe sorprender, polo tanto, que os valores propostos estean só nalgunhas delas. A seguir relacionamos os contidos de lingua galega e literatura coa educación en valores.

**1. Educación moral e cívica**

-A tipoloxía textual, sobre todo a argumentación e a exposición, propiciarán a receptividade, o interese e o respecto polas opinións alleas expresadas a través da lingua oral e escrita. Tomar conciencia da importancia da arte de convencer para facilitar a convivencia.

-Lingua e sociedade. Estes contidos axudarán a recoñecer a lingua galega como a propia de Galicia e a valorar as linguas como produto das circunstancias históricas, políticas e culturais. Preténdese unha valoración xusta e equilibrada dos diversos pobos e culturas, evitando tópicos que atentan contra a dignidade humana. Mediante o respecto pola diversidade lingüística da Península acadaremos unha actitude de comprensión e tolerancia cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.

**2. Educación para a paz**

-A comunicación humana: destácase a importancia fundamental que ten nas nosas vidas poder comunicarnos cos demais e romper todo tipo de barreiras a través da lingua.

-A lírica medieval galego-portuguesa: a convivencia lingüística entre ambos os territorios. Neste período de progreso, riqueza e paz, os señores feudais puideron esquecer a guerra e dedicarse a outros mesteres máis relacionados co lecer e coa cultura.

**3. Educación para a saúde e a calidade de vida**

-Nalgunhas actividades de reforzo de competencias, así como a través de diversas lecturas ou textos orais, dentro dos bloques de comunicación oral e comunicación escrita, traballaranse contidos relacionados coa saúde e a calidade de vida.

**4. Educación para a igualdade entre os sexos**

-A poesía lírica expresa os sentimentos e emocións do/a poeta e ensínanos a valorar a dignidade persoal, a propia e a dos demais.

-A Rosalía "feminista": os artigos xornalísticos, o *Conto gallego*, o prólogo de *Follas novas* (e a epígrafe «As viudas dos vivos e as viudas dos mortos») serven para proporcionar unha reflexión sobre a discriminación sexual.

-Diversas obras de lectura propostas polo departamento inciden na igualdade entre os sexos.

**5. Educación ambiental**

-A literatura de Rosalía, Pondal, Cabanillas... fainos amar e respectar a natureza como un dos bens máis prezados do ser humano e da nosa comunidade.

-Diversas obras de lectura propostas polo departamento inciden na educación ambiental.

**6. Educación sexual**

-Débese interpretar o compoñente erótico das cantigas ou doutros poemas de temática amorosa.

-Diversas obras de lectura propostas polo departamento inciden na educación sexual.

**7. Educación do consumidor**

-O estudo dos medios de comunicación dá pé para espertar o espírito crítico ante as mensaxes que a publicidade emite.

**8. Educación para o lecer**

-Os temas de literatura, as lecturas na aula, as obras de lectura obrigatorias e, especialmente, as obras de lectura voluntarias propostas polo profesorado, así como a participación en clubs de lectura, fomentan o hábito lector como fonte de pracer e como actividade gratificante e enriquecedora.

**9. Educación viaria**

-Existen actividades específicas de léxico relacionadas coa educación viaria, así como a análise de textos xornalísticos informativos ou de opinión que traten esta temática.

**10. Emprendemento**

-Algunhas das actividades que favorecen o emprendemento dentro da nosa programación son: a participación en proxectos de clase ou de Dinamización Lingüística, en obradoiros de creación literaria, concursos literarios, no concurso radiofónico de teatro lido, no club de debate etc.

Por outro lado contribuiremos ao Plan de Convivencia do noso IES colaborando coas súas directrices e tamén na coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia. Colaboraremos así mesmo nas actividades que fomenten a educación en valores promovidas desde vicedirección, a ANPA, a biblioteca ou outros departamentos: Día internacional contra a violencia de xénero, Día internacional da muller, Día da paz, Día dos dereitos humanos, Día mundial do ambiente etc.

## 2.10 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O obxectivo do proxecto lector é cumprir a lexislación vixente que establece de maneira obrigatoria que todos os departamentos deseñen medidas para o fomento da lectura. Ademais, debe pretender formar lectores competentes. Nesta liña, o noso departamento contribuirá coas seguintes accións:

- Establecemos libros de lectura obrigatoria, para o seu posterior comentario e debate, en todos os niveis e en todas as avaliacións do curso (apartado 2.6: Materiais e recursos didácticos).
- Para a fixación das lecturas obrigatorias seguiremos as suxestións propostas na CCP polo Equipo de Biblioteca:

  **Interdisciplinariedade:** posibilitar que unha mesma lectura sexa aproveitada por varios departamentos.

  **Non simultaneidade** nos distintos grupos: sempre que sexa posible cambiaremos a orde de lectura, de xeito que non todos os grupos dun mesmo nivel lean no mesmo trimestre o mesmo libro.

  **Optatividade:** propoñemos diferentes libros para escoller en cada avaliación: 2 ou máis lecturas en todos os cursos de ESO, segundo o nivel.

  **Mantemento** das lecturas que funcionan ben durante un mínimo de dous anos.

  **Inclusión** dalgunhas das obras descartadas nas listaxes de lecturas voluntarias, que sempre poderán coller da biblioteca escolar e municipal.
- Establecemos unha lista de libros de lectura voluntaria. Para que o alumnado poida desenvolver os seus gustos lectores cun criterio propio, ademais de que o departamento elixa a/s mesma/s lectura/s de carácter obrigatorio por nivel para todo o alumnado, tamén lles ofreceremos listaxes de libros adecuados ao seu nivel para que escollan con liberdade as lecturas que lles resulten máis atraentes.
- O alumnado dos primeiros cursos dedicará en varias das sesións lectivas entre 10 e 15 minutos a ler de maneira comprensiva diferentes textos. Logo, unha vez rematada a lectura, co obxecto de avaliar a comprensión do texto, o alumnado realizará as tarefas establecidas.
- Utilizamos semanalmente a lectura de diferentes tipos de textos, literarios e non literarios, ao mesmo tempo que realizamos a súa análise estilística e lingüística.
- Intentaremos crear, en colaboración coa biblioteca, unha “biblioteca de aula”, cun espazo para diversas obras de lectura:
  1. Lecturas que resulten atractivas tendo en conta a idade, de xeito que o alumnado lector poida ter a man libros que lle permitan continuar a súa afección e que o alumnado non lector poida desenvolver un certo gusto pola lectura.
  2. Libros específicos para paliar deficiencias ortográficas, de comprensión e de expresión.
  3. Libros axeitados para alumnado con necesidades educativas especiais.

4. Libros que sirvan de apoio ao profesorado para incluír nas súas clases minutos dedicados á lectura.
5. Libros para, nos momentos libres, ter sempre unha lectura a man.

- Dinamizaremos, en colaboración coa biblioteca, todas as propostas de animación á lectura que poidan ser levadas a cabo, tanto presencial coma virtualmente.
- Procurarase que todos os niveis acudan a una charla dun escritor ou escritora.
- Sempre que sexa posible o alumnado asistirá a representacións teatrais.
- O departamento implicarase e participará en todos aqueles actos que desde a biblioteca, EDL, vicedirección… se fagan destinados ao fomento da lectura.
- O departamento, co obxectivo de fomentar o hábito lector, coordinará un ou máis clubs de lectura. Estes clubs son motivadores para o alumnado porque lles ofrecen a posibilidade de comunicarse cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, emocións e opinións sobre as lecturas.

Na memoria de fin de curso o departamento avaliará a contribución ao Proxecto Lector, analizando o desenvolvemento e o cumprimento das medidas propostas para melloralas ou, se fose preciso, corrixir as súas deficiencias.

## 2.11 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O PLC do noso IES aséntase en tres obxectivos principais:

**1.** Facer da lingua galega un elemento de cohesión da comunidade.

**2.** Desenvolver a *Lei de Normalización Lingüística 3/1983* e, máis concretamente, o *Decreto 79/ 2010*, do 20 de maio, *para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

**3.** Promovera mellora da competencia lingüística do alumnado, mediante actuacións coordinadas de todos os departamentos.

Para contribuír ao logro deses obxectivos, desde o noso departamento colaboraremos coas seguintes accións:

- Planificaremos actividades e apoios que posibiliten a integración lingüística do alumnado non galegofalante.
- Promoveremos a produción lingüística oral e escrita do alumnado (concurso radiofónico de teatro lido, club de debate, concursos literarios...).
- Fomentaremos actitudes positivas do alumnado cara á lingua galega incidindo no seu valor identitario e funcional.
- Trataremos os estereotipos e prexuízos referentes ás linguas e os seus falantes de xeito transversal, animando a que se faga en todas as materias, a partir dos textos empregados na aula e das biografías lingüísticas dos discentes.

- Garantiremos unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe.
- Planificaremos actividades (en colaboración cos demais departamentos e a biblioteca) para dar visibilidade e valorar a riqueza lingüística e multicultural do centro.
- Colaboraremos na elaboración e posta en marcha dun proxecto TIL (Tratamento Integrado das Linguas) no curso 20/21, que continuará en vindeiros cursos.
- Deseñaremos e desenvolveremos (en colaboración cos demais departamentos do centro) proxectos que permitan asociar a lingua galega coas ciencias e as tecnoloxías, así como con diferentes iniciativas actuais de usos sociais en ámbitos que impliquen a mocidade ou próximos a ela.
- Recompilaremos e compartiremos, en colaboración co EDLG, páxinas de información, producións, materiais e apoios didácticos en que se empregue a lingua nas distintas materias, co obxectivo de que todos os departamentos privilexien, dentro dos proxectos interdepartamentais, as fontes dixitais en galego e as producións orais planificadas nesta lingua.
- Planificaremos, en colaboración co EDLG e cos demais departamentos, unha ampla presenza de actividades complementarias e extraescolares a través de xornadas, debates, obradoiros... de persoas que constitúan referentes de fidelidade lingüística e compromiso co idioma nos máis diversos ámbitos sociais: música, deporte, cinema, tecnoloxías etc.
- Promoveremos o establecemento dun perfil competencial que valore especificamente as linguas propias.

## 2.12 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

En relación co plan de integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación o profesorado do Departamento de Lingua Galega e Literatura integrará nos materiais didácticos e curriculares, así como na metodoloxía, distintas propostas de uso, busca e elaboración de información coas novas tecnoloxías, pois, no mundo actual, a información atópase, en gran parte, en soporte informático.

Algunhas das actividades que na nosa área realizará o alumnado serán:

- Busca de información en internet para tratar de desenvolver no alumnado a capacidade de poder realizar investigacións bibliográficas e de busca de información que estea en soporte informático e sensibilizalo no uso de internet como unha poderosa ferramenta de busca de información.

- Realización de traballos temáticos co obxectivo de dotar os alumnos/as dos coñecementos necesarios para que utilicen as TIC na realización de traballos ou presentacións sobre un tema concreto, podendo incorporar imaxes, gráficos etc.
- Emprego de correctores ortográficos que permitan unha presentación axeitada.
- Emprego de xornais dixitais.
- Actividades con páxinas de poemas musicados e outros contidos literarios.
- Realización de actividades de comprensión e ampliación mediante o uso das TIC, como por exemplo exercicios como os que habitualmente se realizan na aula, pero neste caso co ordenador.
- Uso das TIC para intercambiar información valorando desta forma a importancia do traballo en grupo a través de internet, nomeadamente, na aula virtual.
- Uso das TIC para participar en foros ou blogs de lecturas.
- Uso das TIC para realizar intercambios con alumnado doutros centros.

## 2.13 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar o proceso de ensino e a nosa práctica docente teremos en conta os indicadores de logro que se relacionan na seguinte táboa. Agrupámolos en catro categorías que resumen os aspectos que consideramos máis significativos da nosa práctica docente:

1. Planificación
2. Metodoloxía
3. Atención á diversidade
4. Seguimento e avaliación

| Dimensións | INDICADORES DE LOGRO do proceso de ensino e práctica docente | Escala | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 1. Planificación | 1.1. Programamos a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 1.2. Programamos a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro. | | | | | |
| | 1.3. Planificamos as clases de modo flexible deseñando distintas actividades de aprendizaxe en función dos obxectivos e das necesidades do alumnado. | | | | | |
| | 1.4. Fixamos un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado. | | | | | |
| | 1.5. Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar. | | | | | |
| | 1.6. Coordinámonos co resto do profesorado do departamento e do centro (especialmente cos departamentos de linguas) para o tratamento de contidos afíns ou proxectos conxuntos. | | | | | |
| 2. Metodoloxía | 2.1. Desenvolvemos os contidos de forma ordenada e comprensible para o alumnado. | | | | | |
| | 2.2. Conseguimos motivar para favorecer a aprendizaxe do alumnado. | | | | | |
| | 2.3. Conseguimos a participación activa e a implicación de todo o alumnado. | | | | | |

| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2.4. Propoñemos actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma. | | | | | |
| | 2.5. Promovemos o traballo cooperativo e mantemos unha comunicación fluída co alumnado. | | | | | |
| | 2.6. Incorporamos as TIC's nos procesos de ensino - aprendizaxe. | | | | | |
| 3. Atención á diversidade | 3.1. Organizamos tarefas e propoñemos logros diferentes en función das características do alumnado. | | | | | |
| | 3.2. Propoñemos actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade. | | | | | |
| | 3.3. Mantemos, directamente ou a través da titoría, contacto coa familia e contamos co seu apoio e implicación. | | | | | |
| | 3.4. Atendemos axeitadamente á diversidade do alumnado. | | | | | |
| 4. Seguimento e avaliación | 4.1. Realizamos a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel do alumnado. | | | | | |
| | 4.2. Informamos adecuadamente ao alumnado sobre os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 4.3. Valoramos axeitadamente a observación do traballo e da participación e actitude do alumnado na aula. | | | | | |
| | 4.4. Valoramos adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo. | | | | | |
| | 4.5. Corriximos e explicamos os traballos e actividades do alumnado e damos pautas para mellorar a súa aprendizaxe. | | | | | |
| | 4.6. Empregamos distintos tipos de probas e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 4.7. Favorecemos os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | | | | |
| **Escala**. 1: logro MÍNIMO; 2: logro BAIXO; 3: logro MEDIO; 4: logro ALTO; 5: logro MÁXIMO | | | | | | |

A final de curso recolleremos os resultados e analizarémolos para detectar as nosas fortalezas e debilidades. O obxectivo será introducir propostas de mellora no noso labor docente, que queden reflectidas na programación do curso seguinte.

Os resultados recolleranse nunha táboa similar á que presentamos a continuación.

| Curso: | **Táboa de interpretación de datos (proceso de ensino e práctica docente)** | | | |
|---|---|---|---|---|
| Dimensión | Nivel de logro | Fortalezas | Debilidades | Propostas de mellora |
| 1. Planificación | | | | |
| 2. Metodoloxía | | | | |
| 3. Atención á diversidade | | | | |
| 4. Seguimento e avaliación | | | | |
| Observacións: | | | | |

## 2.14 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### 2.14.1 Revisión

No noso departamento, realizaremos a revisión da programación didáctica da seguinte maneira:

-A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos valiosos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

-Nas reunións de Departamento realizarase un seguimento do desenvolvemento da Programación. Nos informes mensuais ou trimestrais do Departamento incluirase un punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se se están impartindo os contidos programados e se a temporalización é a adecuada. De non ser así, analizaranse as causas e faranse as correccións pertinentes.

-Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e de como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da Programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades. Revisarase se a metodoloxía é eficaz para acadar os obxectivos e se nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados é necesario introducir algunha modificación. Teremos tamén en conta se as medidas e as actividades de reforzo adoptadas para atender a diversidade son as adecuadas.

-A final de curso, avaliaremos a programación didáctica. Para esta avaliación teremos en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados das avaliacións finais ordinarias do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado con ela. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades. O resultado desta avaliación quedará reflectido na memoria final de curso do Departamento.

### 2.14.2 Avaliación

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que tomen en consideración, como mínimo, os seguintes elementos: adecuación ao currículo, consecución dos estándares de aprendizaxe, estratexias metodolóxicas, adecuación dos materiais didácticos, temporalización, avaliación e información á comunidade educativa.

| Indicadores de logro para aAVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN | Escala | | |
|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 |
| 1. O deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo foi adecuada. | | | |
| 2. A secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos foi adecuada. | | | |
| 3. O grao mínimo de consecución fixado para cada estándar foi adecuado. | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4. Vinculouse cada estándar a un ou varios instrumentos de avaliación. | | | |
| 5. Seguíronse estratexias metodolóxicas comúns en todo o departamento. | | | |
| 6. Os materias didácticos empregados resultaron adecuados. | | | |
| 7. Os libros de texto resultaron adecuados. | | | |
| 8. As probas de avaliación inicial foron adecuadas. | | | |
| 9. As lecturas propostas polo departamento para cada curso resultaron adecuadas. | | | |
| 10. Respectáronse os criterios, instrumentos e pautas establecidas para o proceso de avaliación. | | | |
| 11. Respectáronse os procedementos e os criterios de cualificación. | | | |
| 12. Respectáronse os criterios establecidos para o seguimento e a recuperación das materias pendentes. | | | |
| 13. As probas obxectivas (exames) propostas resultaron adecuadas, tendo en conta o peso dos estándares para cada curso. | | | |
| 14. Adoptáronse as medidas de atención á diversidade programadas cando foron necesarias. | | | |
| 15. Deuse a coñecer á comunidade educativa a información básica relativa á programación didáctica, seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade. | | | |
| 16. Informouse ao alumnado dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación do curso correspondente e, de ser o caso, doutras informacións básicas da programación. | | | |
| 17. Contribuíuse desde a materia ao Plan Lector do centro. | | | |
| 18. A programación contribuíu adecuadamente á incorporación das TIC no proceso de ensino–aprendizaxe. | | | |
| 19. O grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas foi o adecuado. | | | |
| 20. O plan de seguimento e revisión da programación ao longo do curso foi adecuado. | | | |
| **Escala**. 1: logro BAIXO; 2: logro MEDIO; 3: logro ALTO | | | |

A avaliación da programación didáctica permitiranos determinar os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo do curso. Poderemos así analizar os factores que favoreceron o cumprimento da programación ou as causas de non cumprimento, reflexionar sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e introducir propostas de mellora.

### 2.14.3 Propostas de mellora

As propostas de mellora reflectidas na memoria de fin de curso 20-21 están relacionadas principalmente cos seguintes aspectos:

1. Maior valoración da oralidade.
2. A mellor adaptación das lecturas ás necesidades e intereses do alumnado.
3. Maior coordinación do profesorado por nivel e mellor reparto de contidos por cursos.

4. Mellor coordinación cos restantes departamentos de linguas, especialmente co de Lingua Castelá, para non repetir contidos.
5. Emprego máis frecuente de estratexias de aprendizaxe cooperativa.
6. Maior implicación no traballo por proxectos interdisciplinario.

Estas propostas quedan xa recollidas na estruturación dos apartados precedentes da presente programación e deste xeito tentaremos corrixilas ao longo do curso.

# 3. PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS

## 3.1 SEGUNDO E CUARTO DE ESO

### 3.1.1 Obxectivos xerais da etapa para secundaria

| |
|---|
| • a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| • b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| • c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. |
| • d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. |
| • e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. |
| • f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. |
| • g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| • h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. |
| • i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. |
| • l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. |

| | |
|---|---|
| | • m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. |
| | • n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. |
| | • o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. |
| | • p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

## 3.1. Obxectivos por curso

### *3.1.1. Obxectivos para segundo de ESO*

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.
6. Elaborar argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e fonética.
10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.
12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.

13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.
14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas..., expoñendo e argumentando as ideas propias.
15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
16. Desenvolver estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.
20. Identificar e analizar as distintas fortes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.
22. Realizar unha lectura en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.
26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.
27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.
30. Coñecer e empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.
31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.

32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilizalos en textos escritos con corrección.
33. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.
34. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
35. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
36. Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.
37. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
38. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.
39. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galegas e describir a situación legal das linguas do Estado español.
40. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
41. Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
42. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
43. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
44. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
45. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analizalos en diferentes obras de cine.

### *3.1.2. Obxectivos para cuarto de ESO*

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. Escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
8. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
16. Recoñecer e usar a fonética do galego.
17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.

22. Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
23. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
24. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
25. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
26. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
27. Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
28. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
29. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
30. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

## 4. ANEXOS

## ANEXO I: TÁBOAS COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, MÍNIMOS ESIXIBLES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

(NOTA: os nomes completos dos *instrumentos de avaliación* das táboas deste anexo figuran no cadro do punto 2.4.3 da programación. Os nomes completos dos *obxectivos* figuran, igualmente, nos cadros dos puntos 3.1.1 e 3.2.1 da programación).

## 4.1.2 / 2º CURSO DE ESO

| Lingua Galega e Literatura. 2º ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OB-XEC-TIVOS** | **CONTIDOS** | **ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE** | **TEMP. (horas)** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMP. CLAVE** | **MÍNIMOS ESIXIBLES** | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| **B.1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR** | | | | | | | | |
| d, e, h, l, o | B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. | -Audición ou vista de noticias (radio, tv, internet) ou documentais sinxelos. Explicación ou resumo do seu contido oralmente, con intervención conxunta do grupo-clase.<br>-Lectura en pequeno grupo de noticias ou reportaxes en periódicos ou revistas. Elaboración dun resumo que recolla as ideas fundamentais e explicación cooperativa dos membros de cada grupo ao resto dos grupos, cun posterior debate guiado. | **20** horas aproxi-mada mente, distri-buídas nunhas 22 sesións trimes-trais de 15 min. cada unha. | B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos. | LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).<br>LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | **CCL**<br>**CAA** | 1.1.1. Comprende o sentido e a intención comunicativa de textos orais informativos dos medios de comunicación, adaptados ao seu nivel.<br>1.1.2. É quen de realizar esquemas ou resumos de textos orais dos medios de comunicación. | **-ReObs**<br>**-PO**<br><br>**-RuExpOrais**<br>**-PO** |
| COHER-COHES | Está ben redactado e as ideas están correctamente distribuídas en parágrafos. Hai unidade temática, a información é progresiva, ordenada e non presenta contradicións. A puntuación é a correcta. A cohesión é apropiada con uso de conectores textuais e outros mecanismos de substitución (hiperónimos, hipónimos, sinónimos, pronomes….).A comprensión do texto é óptima. | As ideas están distribuídas en parágrafos e non se contradín. Apréciase a unidade temática. Existen erros pouco relevantes na progresión, na organización ou na puntuación. A coherencia é correcta con uso dalgúns conectores textuais e mecanismos de substitución (hiperónimos, hipónimos, sinónimos, pronomes…). A comprensión do texto é boa. | As ideas están organizadas en parágrafos aínda que non de todo ben distribuídas. Unidade temática pouco definida. Contradicións que afectan ao contido por causa de erros cometidos na progresión da información, a organización ou a puntuación. Fallos na coherencia que só poden ser resoltos polo contexto. Uso escaso dos conectores. A comprensión do texto é admisible. | As ideas non están ben organizadas nos parágrafos. Unidade temática case inapreciable. Contradicións evidentes na cohesión que afectan ao contido. Erros importantes na progresión, a organización ou a puntuación. Fallos na coherencia que obrigan a reler o texto máis dunha vez. Non se usan os conectores estudados. O texto resulta difícil de comprender. | As ideas non seguen ningún tipo de orde lóxica nos parágrafos. Non hai unidade temática. Erros frecuentes ou mesmo ausencia de puntuación. Carente de cohesión e coherencia. A comprensión do texto é nula. |

| | Moi ben | Ben | Regular | Mellorable | Moi mellorable |
|---|---|---|---|---|---|
| LÉXICO | O vocabulario é rico, axeitado ao rexistro e ao tema e sen interferencias. | Algunha imprecisión léxica e ata tres interferencias. | Bastantes imprecisións léxicas e ata seis interferencias. | Vocabulario pouco axeitado. Repetición de termos. Ata dez interferencias. | Vocabulario non apropiado. Abuso de retrousos e expresións feitas. Máis de dez interferencias. |
| MORFOSINT | Estrutura correcta das oracións con sentido pleno. Non comete erros gramaticais no uso dos tempos verbais, na concordancia, as preposicións ou noutras formas gramaticais. | Presenta algún erro gramatical pouco relevante non traballado especificamente. Non comete alteracións sintácticas e a comprensión non se ve afectada. | Presenta varios erros gramaticais ou sintácticos pouco relevantes non traballados especificamente na clase sen que dificulten a comprensión. | Numerosos erros gramaticais ou sintácticos que, sen seren abundantes, pertencen a aspectos traballados na clase e dificultan a comprensión do texto. | Os erros gramaticais ou sintácticos repasados especificamente na aula son numerosos e dificultan moito a comprensión do texto. |
| ORTOGR | Non presenta ningún erro de grafías nin de acentos. | Presenta algúns erro nas grafías considerados pouco importantes e non comete equívocos na acentuación. | Presenta varios erros de grafías ou palabras sen acentuar ou mal acentuadas non repasadas especificamente. Non se ve prexudicada a comprensión. | Presenta abundantes erros ortográficos relevantes xa estudados. | Moitos e graves erros ortográficos con predominio daqueles revisados na clase. |

## MODELO DE RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓNS ORAIS

| | | Moi ben | Ben | Regular | Mellorable | Moi mellorable |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Exposición de contidos | **Coherencia e cohesión** | Organiza a exposición de modo que garante plenamente a coherencia e cohesión textuais. | Organiza a exposición pero non sempre garante a coherencia e a cohesión textuais. | Emprega recursos moi básicos para dotar de coherencia e cohesión a súa exposición. | Non organiza a exposición de xeito que se manteña todo o tempo un fío discursivo. | Carece de recursos para dotar de coherencia e cohesión a súa exposición. |
| | **Dominio dos contidos do tema** | Os seus coñecementos sobre o tema son profundos: consultou e contrastou diversas fontes, entendeunas e procesou ben a información. Domina todo o contido e contesta calquera pregunta. | Os seus coñecementos sobre o tema son bos, consultou e contrastou fontes e desenvolve o tema con suficiente soltura. Pode contestar a algunha pregunta. | Os seus coñecementos son suficientes pero presenta vacilacións na exposición. Case non contesta as preguntas. | Descoñece algúns aspectos básicos sobre o tema e presenta importantes vacilacións na exposición. Non sabe responder ao que se lle pregunta. | Descoñece ata os aspectos máis básicos do tema que se trata. Non pode responder preguntas. |
| | **Material de apoio** | Achega materiais de elaboración propia axeitados (recursos dixitais, encerado...). | Achega material axeitado que non é de elaboración propia. | Achega pouco material ou é pouco axeitado. | Achega moi pouco material ou non é pertinente. | Non achega material. |

| MODELO DE RÚBRICA DE APRENDIZAXES DE LITERATURA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **4** | **3** | **2** | **1** |
| Movementos literarios, autores/as e obras | Coñece con profundidade os distintos autores e autoras, e describe as súas características literarias.<br>Coñece os datos relevantes da biografía e enlázaos coa obra.<br>Identifica e describe as principais obras do autor ou autora.<br>Enmarca o autor/-a no movemento ou tempo correcto e analiza o impacto sobre a obra.<br>Argumenta todas as contribucións de maneira razoada. | Coñece os datos biográficos, as obras e as características da obra.<br>Enlaza estas características con aspectos da biografía, pero falta argumentación sobre as afirmacións que fai ou non é completa. | Coñece a maior parte dos datos sobre a biografía, obra e movemento ao que pertencen os autores e autoras, pero non relaciona estes aspectos ou faino esporadicamente. | Confunde ou descoñece a información necesaria sobre o autor ou autora, obras ou movemento ao que pertence. |
| Contexto sociocultural | Describe con profundidade o contexto sociocultural do autor/-a ou do movemento literario.<br>Correlaciona, con argumentación propia, o impacto do contexto coas características do movemento ou do autor/-a. | Describe o contexto sociocultural do autor/-a ou do movemento.<br>Relaciona ambos contidos, pero a argumentación é escasa ou non reflicte reflexión propia. | Describe e coñece o contexto sociocultural, pero non o relaciona co autor/-a ou co movemento. | Non coñece ou confunde aspectos relevantes do contexto sociocultural. |
| Obras literarias | Coñece as obras literarias traballadas, investiga sobre elas ou proporciona algunha máis.<br>Describe as características de maneira razoada e enmarca a obra no contexto persoal e sociocultural do autor/-a. | Coñece as obras traballadas. Describe as súas características e enmarca a obra no contexto do autor/-a. | Coñece a maior parte (en torno ao 80%) das obras traballadas. Describe algunha característica, pero non relaciona sempre a obra co autor/-a. | Confunde ou descoñece as obras traballadas ou non coñece as súas características. |
| Reflexión persoal | Na descrición das obras literarias realiza interpretacións persoais derivadas dunha reflexión crítica sobre as mesmas.<br>Relaciona a literatura coa súa vida e atopa exemplos ou conexións vitais para argumentar as súas ideas. | Realiza contribucións persoais ao falar das obras literarias, pero a argumentación é escasa.<br>Establece conexións coa vida persoal ou co contexto social no que se desenvolve. | Realiza algunha contribución persoal, pero pouco argumentada ou razoada.<br>Non transfire a obra literaria ao contexto real. | Ten dificultades para elaborar interpretacións ou contribucións persoais sobre as obras literarias. |

# MODELO DE RÚBRICA PARA A COAVALIACIÓN DE PROXECTOS

Nome e apelidos: .........................................................................Tema do grupo ao que avalías: .........................

| | Moi ben<br>2 | Bastante ben<br>1,5 | Regular<br>1 | Deficiente<br>0,5 |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | | | | |
| Preséntanse os contidos que corresponden. | □ Plenamente | □ Practicamente todos | □ Na súa maioría | □ Só en parte |
| Aprécianse as tres grandes partes. | □ Perfectamente | □ En gran medida | □ De xeito suficiente | □ Pouco ou parcialmente |
| Aprécianse as tres grandes partes. | □ Ben marcadas | □ Abondo | □ Con algún problema | □ Non se aprecian |
| Dentro do corpo existen situacións distintas. | □ Claramente | □ Percíbense bastante | □ Algunha parece que si | □ Non existen |
| **Expresión** | | | | |
| O título é orixinal e breve. | □ Xustamente | □ En boa medida | □ Non orixinal ou longo | □ Nin orixinal nin breve |
| Distínguense (en parágrafos) as situacións. | □ Sempre | □ Case sempre | □ Escasas varias veces | □ Non hai practicamente |
| O rexistro achégase ao informal. | □ Moi ben organizadas | □ Bastante | □ Pouco | □ Moi pouco ou nada |
| Percíbese recurso explicativo (aclaración...). | □ Axústase como debe | □ Case sempre se axusta | □ So en parte | □ En absoluto |
| **Locución** | | | | |
| Supóñense marcas orientativas no texto. | □ Si, non hai titubeos | □ Case sempre | □ Supóñense parciais | □ Non hai control ao ler |
| O ritmo é adecuado. | □ Si, nin rápido nin cortado | □ Case sempre | □ Ás veces acelérase/córtase | □ Moi acelerado/cortado |
| Fanse as pausas necesarias. | □ Si, respéctanse os signos | □ A maioría das veces | □ Parcialmente | □ Moi poucas veces |
| O ton é axeitado, expresivo e natural. | □ Si, sempre | □ Non de todo | □ Só de cando en vez | □ Non, é monótono |
| **Apoios visuais e sonoros** | | | | |
| As imaxes axudan a seguir o discurso. | □ Moito | □ Bastante | □ En parte | □ Moi pouco ou nada |
| Hai música ou efectos e non interfiren. | □ Ben axustados | □ En boa medida | □ Si, pero interfiren algo | □ Non hai ou interfiren |
| **Elementos de control** | | | | |
| Supóñense indicacións parellas á locución. | □ Si, todo está axustado | □ Si, con algún erro | □ Só en parte | □ Moi poucas / ningunha |
| **Coordinación** | | | | |
| Cada integrante sabe cal é o seu papel. | □ Perfectamente | □ Case sempre | □ Ás veces si | □ Case nunca ou nunca |
| As intervencións casan con fluidez. | □ Todo está conxuntado | □ Si, con algunha eiva | □ Por veces só | □ Non casan |
| **Suma da puntuación:** | __x 2 = ___ | __x 1,5 = __ | __ x 1 = ___ | __x 0,5 = ___ |

TOTAL (suma): ____ (de 9 a 17: Deficiente. De 18 a 25: Regular. De 26 a 32: Bastante ben. De 33 a 36: Moi ben)
**NOTA DO GRUPO**:______

## MODELO DE RÚBRICA DE COMENTARIO DE TEXTOS

| | 4 | 3 | 2 | 1 |
|---|---|---|---|---|
| **LÉXICO** | Define as palabras con exactitude, usando unha linguaxe propia.<br>Identifica as palabras das que non coñece o significado, busca no dicionario e integra a palabra no seu vocabulario.<br>Mostra interese por aprender palabras novas. | Realiza os exercicios con corrección.<br>Nas definicións, non sempre utiliza linguaxe propia.<br>Integra algunhas palabras no seu vocabulario, pero non todas; só as usa no contexto dos exercicios. | Ten dificultades para realizar os exercicios, pero pregunta as dúbidas e resólveos.<br>Non define con facilidade as palabras.<br>Mostra interese por coñecer palabras novas. | Comete erros nos exercicios de léxico, pola falta de comprensión das palabras.<br>Non mostra interese por coñecer palabras novas. |
| **COMPRENSIÓN** | Responde de maneira correcta as preguntas para verificar a comprensión do texto.<br>Identifica as ideas fundamentais, busca a información no texto e explícao de maneira razoada coas súas propias palabras. | Responde de maneira correcta, pero non sempre enriquece as respostas con achegas propias. | Mostra dificultades para a comprensión do texto.<br>Responde as cuestións formuladas, pero necesita axuda. | Non comprende o sentido completo do texto e realiza as actividades de modo erróneo máis da metade das veces. |
| **TIPO DE TEXTO** | Distingue con facilidade a estrutura e as características do texto.<br>Este coñecemento axúdalle a analizar e comprender mellor o texto.<br>Fai referencia a esa información para identificar o tipo de texto e facer as súas achegas. | Distingue as características e a estrutura.<br>Utiliza esta información para comprender o texto, pero non fai referencia a ela todas as veces para xustificar as súas respostas. | Distingue as características e a estrutura con axuda ou guía.<br>Non sempre este coñecemento lle axuda a comprender mellor o texto. | Non distingue as características nin a estrutura. |
| **ACHEGAS PERSOAIS** | Argumenta as opinións, establece conexións coa súa vida, con exemplos e con outros textos ou autores, relaciona aspectos diferentes do texto e ten en conta os distintos elementos do texto para formular a súa opinión. | Realiza as actividades argumentando as opinións, pero faltan exemplos e conexión entre todos os elementos e o contexto real. | Ten dificultades para realizar as actividades, non sempre ten opinión formada ou non argumenta as súas opinións. | Non emite opinións propias, copia ideas do texto ou doutros. |
| **RESUMO** | Identifica as ideas máis relevantes. Sintetiza a información no resumo e redáctao con palabras propias. | Identifica as ideas máis relevantes e redacta un resumo con ideas propias, pero ten dificultades para sintetizar a información. | Identifica as ideas relevantes pero non as mostra con claridade ou palabras propias no resumo. | Copia frases directamente do texto. |

| MODELO DE RÚBRICA PARA AVALIAR OS CONTIDOS GRAMATICAIS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **4** | **3** | **2** | **1** |
| **CONCEPTOS** | Coñece o concepto, defíneo con exactitude utilizando palabras e exemplos propios. Identifica a súa función e relevancia na lingua. | Coñece o concepto e defíneo pero a definición e os exemplos son os traballados na clase. Identifica con claridade a súa función na lingua. | Sabe o que é cada elemento traballado (substantivos, adxectivos, verbos, pronomes, preposicións) pero ten dificultades para definilo con precisión e atopar exemplos propios. | Confunde os conceptos traballados. |
| **CLASIFICACIÓN** | Coñece a clasificación, tipos ou listaxe de cada concepto traballado, describe cada criterio ou elemento con palabras propias e atopa exemplos propios para ilustralo. | Coñece a clasificación, tipos ou listaxe e describe cada elemento pero no atopa con facilidade exemplos para ilustralo. | Confunde algúns apartados da clasificación ou tipo ou esquece algún dos elementos que o configuran. | Non sabe cal é a clasificación, tipos ou listaxe de elementos. |
| **IDENTIFICACIÓN** | Identifica nun texto oral ou escrito o elemento, descríbeo con exactitude e xustifica o seu uso nese contexto. | Identifica o elemento traballado identificando o tipo en caso de ser de varios tipos. | Comete erros identificando o elemento ou os tipos (menos de 50%). | A maior parte das veces confunde o elemento ou non o atopa nun texto escrito ou oral. |
| **APLICACIÓN** | Aplica o concepto traballado nos exercicios formulados de maneira correcta e tamén en contexto de redacción propia. Utiliza os elementos da lingua con propiedade e exactitude. | Aplica o concepto traballado con corrección nos exercicios pedidos. | Comete algún erro (menos dun 50%) nos exercicios suxeridos. | Comete erros máis da metade das veces na resolución dos exercicios de aplicación. |

## MODELO DE RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL DE TRABALLOS

| | | Moi ben | Ben | Regular | Mellorable | Moi mellorable |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Expresión oral | **Presentación e despedida** | Saúda a audiencia, preséntase e indica o tema de exposición de maneira clara e concisa. Despídese de xeito adecuado. | Saúda a audiencia e preséntase pero falla nun dos outros dous aspectos porque non os resolve de xeito adecuado. | Falla en dous aspectos por esquecemento ou por non resolvelos de xeito adecuado. | Falla en tres aspectos por esquecemento ou por non resolvelos de xeito adecuado. | Falla en todos os aspectos, ben porque os salta ou porque ningún deles os resolve de xeito pertinente. |
| | **Xestualidade, postura, voz, conexión co receptor/es** | Mantén unha postura adecuada, mira sempre o receptor/es e xestualiza de forma axeitada. Volume de voz, fluidez e ritmo axeitados.<br>Controla os nervios sen problema. | Mantén unha postura adecuada e mira o público. Xestualiza pouco pero de forma axeitada para captar a atención e transmitir mellor. Ton e volume axeitados. Transloce os nervios pero logra controlalos. | Mantén unha postura adecuada, mira á fronte pero non mira o público. Apenas xestualiza, pero cando o fai mellora a interacción.<br>O ton ou o volume non son axeitados. Discurso pouco fluído e natural. | Non mantén a postura todo o tempo. Non mira sempre o público. Non xestualiza. Exprésase con dificultade. O discurso carece de fluidez e naturalidade. Resulta difícil entendelo. | Postura incorrecta, non mira o público nin xestualiza (ou non o fai de xeito axeitado).<br>Exprésase con moita dificultade. O ton e o volume son inadecuados e imposibilitan a comprensión. |
| | **Fonética** | Pronuncia e entoa correctamente. | Pronuncia e entoa incorrectamente de maneira puntual. | Mostra dificultades para entoar e pronunciar correctamente. | Pronuncia e entoa incorrectamente. | A súa pronuncia e entoación dificultan moito a comprensión. |
| | **Léxico** | O seu vocabulario é rico e axeitado ao rexistro e ao tema. | Algunha imprecisión léxica. | Bastantes imprecisións léxicas. | Vocabulario pouco axeitado. Repetición de termos. | Vocabulario non apropiado. Abuso dos retrousos e expresións feitas. |
| | **Morfoloxía e sintaxe** | Exprésase correctamente sen erros nin interferencias gramaticais. | Comete puntualmente algún erro, que autocorrixe. | Comete algúns erros pouco importantes sintácticos ou morfolóxicos que non corrixe. | Comete erros que non corrixe. | Non ten dominio básico da gramática. Ten interferencias constantes con outras linguas. |
| | **Adecuación e tempo** | Axústase a todos os obxectivos da tarefa. Respecta o tempo establecido. | Axústase ao obxectivo principal da tarefa, aínda que non a todos os demais. Respecta o tempo establecido. | Axústase de maneira suficiente aos obxectivos establecidos. Non respecta o tempo establecido. | Incumpre máis da metade dos obxectivos da tarefa. Non respecta o tempo establecido. | Incumpre practicamente todos os obxectivos da tarefa. Non respecta o tempo establecido. |

| MODELO DE RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL | | | |
|---|---|---|---|
| **TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL** | | **MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE** | **PROPOSTAS DE MELLORA** |
| **DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN** | Non ten ningunha dificultade para entender os contidos. | Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade. | |
| | Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles. | Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade. | |
| | Ten dificultades para entender os contidos. | Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica. | |
| **DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO** | Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades). | Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades. | |
| | Ten pequenas dificultades. | Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva, de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo. | |
| | Ten dificultades. | Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos. | |
| **DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN** | Mostra un grande interese e motivación. | Seguir potenciando esta motivación e interese. | |
| | O seu interese e motivación non destacan. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas. | |
| | Non ten interese nin motivación. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade. | |
| **DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS** | Encontra solucións aos problemas que se formulan en todas as situacións. | Seguir fomentando esta capacidade. | |
| | Encontra solucións aos problemas que se formulan nalgunhas situacións. | Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade. | |
| | Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se propoñen. | Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas. | |
| **DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN** | Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección. | Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita. | |
| | Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar a expresión oral e escrita co fin de melloralas. | |
| | Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar. | |

| MODELO DE RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE GRUPAL | | | |
|---|---|---|---|
| TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO | | MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE | GRAO DE CONSECUCIÓN |
| DE COMUNICACIÓN | A comunicación docente-grupo non presenta grandes dificultades. | Non se necesitan medidas. | |
| | A comunicación docente-grupo ten algunhas dificultades. | Propoñer estratexias para mellorar a comunicación. | |
| | A comunicación docente-grupo ten grandes dificultades. | Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen. | |
| DE INTERESE E MOTIVACIÓN | O grupo está motivado e ten grande interese. | Non se necesitan medidas. | |
| | Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese. | Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado. | |
| | O grupo non ten interese e está pouco motivado. | Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen. | |
| DE ACTITUDE E COLABORACIÓN | O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas. | Non se necesitan medidas. | |
| | Parte do alumnado ten boa actitude e colabora. | Propoñer actividades grupais nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado. | |
| | O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas. | Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc., para minimizar esas actitudes. | |

| GUÍA PARA A ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS (1º E 2º DE ESO)<br>Normas, criterios e consellos para mellorar o contido e a presentación dos escritos. Baseado nas normas APA (www.normasapa.com) | |
|---|---|
| REDACCIÓN | Unha vez elixido o tema, debemos pensar no enfoque e na estrutura, é dicir, a forma na que imos organizar a información, para o cal necesitaremos **elaborar un guión**, que pode ser modificado logo.<br>A redacción debe ser clara, precisa e coherente, sen repeticións innecesarias.<br>Recoméndase **facer unha lectura detida** e en voz alta antes de entregar o traballo. |
| ESTRUTURA | • **Portada**: título do traballo, identificación. Pode conter imaxes.<br>• **Índice**: títulos de todos os apartados que conforman o traballo.<br>• **Introdución**: presentación do tema, referencia á estrutura.<br>• **Corpo do traballo**: exposición clara e ordenada da información. Pódese subdividir en apartados con unidade interna e ilustrar con imaxes ou debuxos.<br>• [**Conclusión**: breve síntese da información exposta.]<br>• **Bibliografía**: relación de obras, tanto impresas como dixitais, consultadas. Debe aplicar os estándares indicados neste documento.<br><br>IES do Milladoiro<br>TÍTULO DO TRABALLO<br>Identificación dos autores |
| PRESENTACIÓN | **Nos escritos a man**:<br>• Coidar a caligrafía. Sangrar a primeira liña dos parágrafos. As marxes e as liñas deben quedar rectas (de precisarse, usarase como guía, por debaixo do papel, un modelo con liñas).<br>• Evitar borróns e riscaduras; de ser inevitable, abonda con riscar o erro ~~así~~.<br><br>**Nos presentados a ordenador:**<br>• Deixar marxes amplas para evitar que a páxina resulte recargada: 2,5 cm.<br>• Tipo e tamaño de fonte estándar e lexible: Times New Roman 12 p.ou Arial 11 p.<br>• Unha vez escollido o tipo de letra e o seu tamaño, empregaranse en todo o documento.<br>• Espazo de interliñado: 1,5 (espazo e medio); esta opción permite unha lectura máis cómoda.<br>• Se o traballo se entrega en soporte informático e non precisa ser corrixido, débese entregar en formato PDF. Identificarase o arquivo con: Apelidos, Nome e Título do traballo.<br>• As páxinas deben estar **numeradas** no centro, na parte inferior.<br>• Nunca deberán presentarse as follas soltas. Uniranse por grampas, clips, portafolios... |
| CITAS | As citas son **referencias a escritos doutros** autores/as.<br>Para evitar o plaxio é imprescindible, sempre que se copie unha frase ou parágrafo, citar a fonte. As palabras citadas deben ir co mesmo tipo de letra **entre comiñas**. No caso de eliminar parte do texto citado hai que introducir puntos suspensivos entre corchetes: [...]. |
| BIBLIOGRAFÍA | Citaranse as obras consultadas ou amentadas por orde alfabética tendo en conta o apelido do autor/a.<br>**Libros**: Apelido do autor/a, Nome (ano de publicación), *Título* [en letra cursiva], Cidade, Editorial.<br>Exemplo: Castelao, Afonso (2000), *Cousas*, Vigo, Ed. Galaxia.<br>Se consultamos un capítulo ou unha sección dunha obra debemos indicalo entre comiñas, antes do título.<br>Exemplo: Castelao, Afonso (2000), "A ponte vella", *Cousas*, Vigo, Ed. Galaxia.<br>**Documento electrónico**: ao final citaremos a dirección URL, se o documento é unha páxina HTLM.<br>Exemplo: "MySpace" de Carlos Gende, dispoñible en: http://www.myspace.com/gendebeat |

## GUÍA PARA A ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS

Elaborar un traballo monográfico implica, unha vez determinado o tema e o esquema ou guión xeral, varias fases: busca de información, estruturación, redacción, revisión e presentación.

Este modelo recolle normas, criterios e consellos para mellorar o contido e a presentación dos escritos. Baseado nas normas APA (www.normasapa.com).

| FASES | NORMAS / CRITERIOS / CONSELLOS |
|---|---|
| Busca de información | • Buscar información en diversos medios: enciclopedias, dicionarios, libros, Internet…<br>• Filtrar a información conforme ao tema e ao nivel que se está a estudar.<br>• Seleccionar os datos importantes: toma de notas, elaboración de resumos e esquemas, anotación das palabras clave… Axudará moito á estruturación do escrito. |
| Estruturación | Unha vez realizada unha lectura selectiva, trasladamos e distribuímos nas distintas partes do traballo a información útil evitando copiar parágrafos enteiros (é importante reorganizar a información de forma orixinal).<br>Hai que ter un guión ou esquema previo, que pode ser modificado ao longo do traballo. Este guión debe ter unha orde lóxica, con puntos principais e secundarios.<br>En canto á estrutura, un traballo divídese en varias partes:<br>• Portada: título do traballo, identificación. Pode conter imaxes.<br>• Índice: títulos de todos os apartados que o conforman.<br>• Introdución: presentación do tema, referencia á estrutura.<br>• Corpo do traballo: exposición clara e ordenada da información. Pode subdividirse en apartados con unidade interna e ilustrar con fotografías, debuxos, gráficas…<br>• Conclusión: breve síntese da información exposta.<br>• Bibliografía:relación de obras, tanto impresas como dixitais consultadas.<br>Durante todo o proceso debemos respectar os dereitos de autoría, polo que é importante tomar nota e citar as fontes, tanto de textos como de imaxes. Podemos utilizar fichas que inclúan: URL, tipo de recurso, información precisa, ideas propias sobre eles e a finalidade.<br> |
| Redacción e revisión | Comparamos os contidos de cada fonte, e podemos eliminar o que consideremos superfluo ou repetitivo; procedemos, entón, a reordenar e conectar os fragmentos con coherencia, achegando ideas propias, reescribindo coas propias palabras a redacción final.<br>Debemos coidar a ortografía, acentuación, signos de puntuación e a sintaxe, utilizando nexos variados.<br>Evitaremos expresións coloquiais e o léxico utilizado será técnico e científico.<br>Podemos ilustrar o traballo con fotografías, gráficos…<br>En cada parágrafo, exponse unha idea. Antes de empezar a escribir un parágrafo, débese ter unha idea clara do tema que tratará. En caso contrario, faltaralle cohesión.<br>Recoméndase facer unha lectura detida e en voz alta antes de entregar o traballo. |
| Presentación | Nos escritos a man:<br>Coidar a caligrafía. Evitar borróns e riscaduras; de ser inevitable, riscar o erro ~~así~~. Sangrar a primeira liña dos parágrafos. As marxes e as liñas deben quedar rectas.<br><br>Nos presentados a ordenador:<br>Deixar marxes amplas para evitar que a páxina resulte recargada: 2,5 cm.<br>Tipo e tamaño de fonte estándar e lexible: Times New Roman 12 p. ou Arial 11 p.<br>Unha vez escollido o tipo de letra e o seu tamaño, empregaranse en todo o documento. Os títulos dos apartados poden ter un tamaño maior.<br>Espazo de interliñado: 1,5 (espazo e medio); esta opción permite unha lectura máis cómoda.<br>Hai que sangrar a primeira liña dos parágrafos ou engadir espazo entre parágrafos.<br>Se o traballo se entrega en soporte informático e non precisa ser corrixido, débese entregar en formato PDF, identificando o arquivo con:<br>Apelidos, Nome e Título do traballo.<br>As páxinas deben estar numeradas no centro, na parte inferior.<br>Nunca deberán presentarse as follas soltas: uniranse por grampas, clips, portafolios... |
| Citas | As citas son referencias a escritos doutros autores.<br>Para evitar o plaxio é imprescindible, sempre que se copie unha frase ou parágrafo, citar a fonte. As palabras citadas deben ir co mesmo tipo de letra entre comiñas. Se se elimina parte do texto citado hai que introducir puntos suspensivos entre corchetes: […].<br>Por ex.: A inflación é un problema económico moi importantes Segundo Keynes, "a inflación é inxusta, a deflación inconveniente". |
| Bibliografía | De cada obra consultada ou citada debemos consignar os seguintes datos: autor, título, editorial, lugar e ano de publicación.<br>Libros: Apelido do autor/a, Nome do autor/a (Ano da publicación), *Título do libro* [en cursiva], Lugar de publicación, Editorial.<br>Exemplo: Castelao, Alfonso (2000), *Cousas*, Vigo., Ed. Galaxia.<br>Revistas e xornais: Apelido do autor/a, Nome do autor/a (Data), "Título do artigo" [entre comiñas], *Nome da revista* [en cursiva], número, páxinas do artigo.<br>Exemplo: Fernández, Nieves (2002) "La nueva ley de propiedad intelectual", *Computer Hoy*, n.º 32, páx. 34-35.<br>Música, películas, documentais: Apelido do autor/a, Nome do autor/a (Data) *Título* [en cursiva], [Soporte], Lugar, Editor.<br>Exemplo: Wedge, Chris (director) (2000), *Ice Age* [DVD], Madrid, 20th Century Fox.<br>Documentos electrónicos (páxinas de internet, blogs...): Apelido do autor/a, Nome do autor/a (Data), "Título do artigo" [entre comiñas], enderezo do documento (URL).<br>Exemplo: Redes_373 (2005), "¿Para qué sirven las emociones? 1/8", dispoñible en: http://www.youtube.com/Watch?v=CQ8WJK9qfGo |